



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Traballo de Fin de Grado

Percepcións e actitudes lingüísticas aos dous lados da raia

Lucía Díaz Nicolino

Titor: Xosé Luís Regueira Fernández

Liña temática: Variación, cambio lingüístico e estandarización.

Grao en Lingua e Literaturas Galegas

Curso 2018/2019



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Traballo de Fin de Grado

Percepcións e actitudes lingüísticas aos dous lados da raia

Titor:

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'X. L. Regueira'.

Xosé Luis Regueira

Estudante:

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Lucía Díaz Nicolino'.

Lucía Díaz Nicolino

Grao en Lingua e Literaturas Galegas

Curso 2018/2019



FACULTADE DE FILOLOXÍA

CUBRIR ESTE FORMULARIO ELECTRONICAMENTE



Formulario de delimitación de título e resumo

Traballo de Fin de Grao curso 2018/2019

APELIDOS E NOME:	Díaz Nicolino, Lucía
GRAO EN:	Língua e Literatura Galegas
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	Xosé Luis Regueira Fernández
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	Variación, cambio lingüístico e estandarización

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:




Título: Percepcións e actitudes lingüísticas aos dous lados da raia.

Resumo

O traballo consistirá nunha investigación sobre a actitude lingüística dos falantes nunha zona de fronteira, prestando atención a ambos lados da raia. Indagarase na percepción e actitude dos falantes fronte a unha lingua diferente pero semellante á súa e como esta constrúe unha identidade diferenciada ou tal vez enfrontada coa propia. Preténdese recoller aqueles trazos que os propios falantes identifican como comúns a ambos lados e cales consideran exclusivos da súa zona, co obxectivo de chegar a unhas consideracións globais respecto da lingua e a comunidade veciña que nos permita identificala como "os outros".

A metodoloxía empregada será a realización de enquisas dirixidas que se centrarán no sur de Ourense, nalgúns aldeas raianas da comarca de Verín, e en determinados puntos portugueses da comarca de Vila Real. Deste xeito preténdese conseguir unha visión xeral dos xuízos avaliativos que os falantes van construíndo en relación á variación lingüística xeográfica. As reflexións dos falantes sobre a lingua veciña serán un reflexo da noción que teñen sobre a outra comunidade. Intentarase tamén, recoller información sociodemográfica que nos permita coñecer datos das relacións mantidas entre os habitantes de ambos lados da fronteira, para determinar se poden servir como explicación a un determinado prexuízo

Santiago de Compostela, 6 de 11 de 2018

Sinatura do/a interesado/a 	Visto e prace (sinatura do/a titor/a) 	Aprobado pola Comisión de Títulos de Grao con data 16 NOV. 2018 
---	--	--

SRA. DECANA DA FACULTADE DE FILOLOXÍA (Presidenta da Comisión de Títulos de Grao)

Índice

1. Introducción.....	5
2. A fronteira galego-portuguesa.....	8
3. Metodoloxía.....	13
4. Relacións sociais entre galegos e portugueses.....	17
4.1 O contrabando.....	17
4.2 Outros tipos de comercio, festas e casamentos mixtos.....	25
4.3 Pobos promiscuos e a Batalla do Cambedo.....	28
4.4 A raia como algo “non existente”.....	31
5. A lingua na raia.....	34
5.1 Achegas teóricas ao estudo das actitudes lingüísticas.....	34
5.2 Actitudes e percepcións lingüísticas dos falantes raianos.....	36
5.3 A percepción das semellanzas e diferenzas lingüísticas.....	42
6. As aldeas non raianas.....	46
7. Actualidade: morte da cultura de fronteira.....	50
8. Conclusións.....	53
9. Agradecementos.....	56
10. Bibliografía.....	57
11. Anexos.....	59

1. Introducción

Unha fronteira cunha riqueza cultural tan grande como a de Galicia e Portugal merece ser estudada exhaustivamente, labor que aínda non foi desempeñado pola lingüística galega na actualidade. O estudo da raia pode ser abordado dende diferentes campos e perspectivas tales como a dialectoloxía perceptiva, a sociolingüística, a historia... Con este traballo preténdese facer unha modesta achega a ese amplo mundo de fronteira, ofrecendo unha aproximación ás actitudes e percepcións lingüísticas que teñen os habitantes da raia de cara á lingua e á cultura veciña. Como referencia tomouse o traballo de Irene Santos Raña e de Soraya Suárez Quintas titulado *Percepción e actitudes lingüísticas na fronteira galego-portuguesa. Unha aproximación á perspectiva ourensá* (2014).

Detrásda realización deste traballo hai unha forte motivación persoal. Como veciña de Verín sinto que a memoria histórica da comarca está quedando no esquecemento. Cando os verineses botan a vista atrás non poden recrear o pasado da vila ser ter en conta as relacións mantidas con Portugal (contrabando, comercio, casamentos...). Foron moitas as ocasións nas que outros galegos me alcumaron como “case portuguesa” ou me acusaron de ter unha fala próxima ao portugués. Nun primeiro momento deducín que este tipo de declaracións se debían á proximidade de Verín co territorio portugués. Sen embargo detrás destas afirmacións escóndense moitos prexuízos ou percepcións valorativas que están instauradas na sociedade dende hai décadas, tal e como se intentará demostrar con este traballo. O que non se pode discutir é que galegos e portugueses conviviron durante moitos anos neste territorio e que as relacións entre ambas comunidades deixou unha forte pegada na mente da xente.

O obxectivo principal deste estudo será analizar en que medida as actitudes e percepcións lingüísticas dos veciños da raia son o reflexo das relacións persoais establecidas entre galegos e portugueses durante décadas. Como punto de partida tomouse a hipótese de que as entre galegos e portugueses da fronteira existen unha gran cantidade de prexuízos así como numerosas valoracións negativas que poden ser explicadas a través das relacións interpersoais existentes entre ambos.

Primeiramente, levouse a cabo unha pescuda informativa, recolléronse outros estudos de fronteira que puidesen servir como inspiración. Hai que destacar da importancia do

traballo de William Kavanagh (2011), no que o autor fala do concepto de identidade na fronteira galego-portuguesa e das actitudes e prexuízos existentes entre as dúas comunidades. Na sección “2. A fronteira galego-portuguesa” deste traballo preséntanse informacións sobre aspectos históricos e sociais da fronteira entre Galicia e Portugal.

A continuación móstranse os resultados do traballo de campo levado a cabo, que consistiu na recollida de gravacións entre veciños da raia galego-portuguesa que nos achegasen un pouco máis á historia da fronteira.

Delimitouse a zona de estudo á comarca galega de Verín e ao distrito portugués de Vila Real, ambos territorios fronteirizos entre si. Os concellos escollidos para a realización das entrevistas foron aqueles que lindan coa raia, facéndose un total de 9 gravacións nos concellos de Verín, Cualedro, Oímbra, Vilardevós, Montalegre e Chaves.

O esquema das entrevistas foi elaborado coa intención de obter dous tipos de datos diferentes. Preguntouse aos entrevistados polas relacións a nivel persoal que teñen ou tiveron cos veciños do outro lado da raia e tamén se lles pediu unha valoración sobre a proximidade entre ambas linguas e o nivel de identificación con cada unha delas. A análise destes datos ocupou a parte central deste traballo, que se pode dividir en dous bloques principais. Por un lado temos o bloque das relacións persoais no que se traça, a través do testemuño dos nosos falantes, o percorrido histórico daquelas actividades e relacións que foron compartidas por galegos e portugueses. Por outra banda, o traballo conta cun segundo bloque centrado nas valoracións e percepcións lingüísticas dos veciños da zona. É necesario aclarar que ambos bloques están relacionados e que non se podería ter explicado o un sen o outro. Incluíse un apartado titulado “As aldeas non raianas” para comparar as relacións e as actitudes lingüísticas entre aqueles puntos do territorio que son fronteirizos e os que non o son.

O traballo remata cunha parte chamada “Actualidade: morte da cultura de fronteira”, na que se pon en manifesto as relacións actuais entre os pobos portugués e o galego e como as circunstancias do pasado foron mudando. Ao mesmo tempo, fálase dalgunhas iniciativas levadas a cabo na contorna que pretenden preservar a memoria histórica desta cultura fronteiriza en fase de esmorecemento.

Dalgún xeito, este traballo e as gravacións obtidas tamén pretenden ser unha pequena achega para a preservación dese pasado que uniu a dous pobos e que forma parte do pasado da miña terra e dos meus avós.

2. A fronteira galego-portuguesa

Segundo o dicionario electrónico da Real Academia Galega unha fronteira é: “Límite entre dous estados ou países”¹. Non obstante, o concepto de fronteira é moito máis complexo e debe ser abordado desde diferentes perspectivas para poder comprender todas as súas implicacións. Falar de fronteiras non é soamente falar duns trazados lineais reflectidos nos mapas, débese falar de outros moitos factores como lingua, cultura e identidade.

As fronteiras de todo o mundo comparten algunhas características pero teñen outras que as fan exclusivas. As relacións entre ambos territorios así como a historia de ambos serán factores decisivos. Pódemos distinguir entre fronteiras duras, aquelas nas que as relacións entre os distintos territorios son nulas ou moi dificultosas e fronteiras brandas nas que ambos territorios manteñen contacto. A fronteira entre España e Portugal puido clasificarse como dura hai anos, cando había controis físicos e dificultades para acceder ao país veciño. Hoxe en día, tras o tratado Schengen de 1985, falamos dunha fronteira branda, na que a circulación de persoas dun e outro lado é totalmente libre (Kavanagh, 2011:6).

En moitas ocasións, as fronteiras separan comunidades que mostraban unha gran continuidade, é dicir, que os dous lados da raia son iguais ou moi similares, como no caso de Galicia e Portugal. Dende o momento en que existe a fronteira, e permanece no tempo como unha fronteira dura, os do outro lado pasan a ser nomeados como “os outros”. Esta identificación do propio fronte ao alleo a partir da raia (inicialmente arbitraria) foi fortemente promovida polas políticas de implantación do estado-nación moderno. Por outra parte, entre as comunidades que están en contacto a través da raia créase unha identidade propia e diferenciada do resto das comunidades políticas que están nesa mesma fronteira. Debemos falar tamén da chamada “tidemark”, termo acuñado por Sarah Green en 2009, e que se pode traducir ao galego como “liña da marea alta”. Fai referencia á pegada que deixou unha actividade pasada entre ambos territorios na actualidade. Isto acontece na fronteira galego-portuguesa, onde moitos dos acontecementos históricos e pasados deron lugar a unha serie de prexuízos que aínda perduran hoxe.

¹Dicionario electrónico da Real Academia Galega: <<https://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/fronteira>> [3/11/2018]

A fronteira que separa España e Portugal é unha das máis antigas de Europa, con múltiples conflitos políticos ao longo do tempo. En 1580, Portugal foi parte do Reino de España e como tal, gobernado por reis españois, Felipe II, Felipe III e Felipe IV de España, que serían coñecidos como Felipe I, Felipe II e Felipe III de Portugal. O mandato de reis españois en Portugal non tivo unha boa acollida entre a poboación portuguesa. Mentres que en España Felipe III sería alcumado como Felipe “O Pío”, en Portugal era coñecido como Felipe “o Cru”. O mesmo sucedeu co seu fillo Felipe IV de España, coñecido en territorio español como Felipe “o Grande” e como Felipe “o Opressor” en Portugal. Os conflitos continuaron incluso despois da independencia portuguesa en 1640 con varios intentos de anexión por parte do territorio español (Kavanagh, 2011:29).

Ao longo do tempo, apareceron distintos movementos intelectuais que defenden a unión política de Galicia e Portugal. No século XVIII naceu unha corrente coñecida como o “Federalismo Ibérico” que avoga poña unión política entre ambos países. Contou con apoio de intelectuais dos dous estados. O movemento nunca alcanzou un desenvolvemento considerable e contou con moi pouco recoñecemento entre a poboación, a cal mostrou moi pouco interese ante a debatida unión política (Kavanagh, 2011:30).

Por outra banda, en Galicia, existe outro movemento chamado reintegracionismo que busca unha aproximación lingüística e cultural entre Galicia e Portugal. O seu principal obxectivo é achegar a normativa da lingua galega ao portugués e así afastarse da tendencia castelanizante. O primeiros intelectual galego que se interesou polo tema foi Benito Jerónimo Feijoo (Ourense, 1676-1764). Existe un sector máis radical e minoritario dentro do reintegracionismo que defende tamén unha unión política entre ambos territorios (Voz Própria, 2007:15-32).

A pesar do nacemento deste tipo de movementos, en xeral, a fronteira de Portugal con España é un espazo no que durante moito tempo habitantes dun e outro lado viviron dándolles as costas aos seus veciños. Isto pareceu mudar un pouco tras a entrada en vigor do tratado de Schengen, aínda que hoxe en día segue a haber un forte descoñecemento cultural entre españois e portugueses. Segundo o estudo chamado “Barómetro de Opinión Hispano-Luso” realizado polo Centro de Análise Social da

Universidade de Salamanca (2009), os portugueses saben moitas máis cousas de España, do que os españois de Portugal, por exemplo, o nome do presidente do goberno.

A fronteira entre o norte de Portugal e o sur de Galicia, na que os veciños de ambos os lados crearon unha comunidade e un clima social común, parece ser diferente á do resto de España. Persoas que falan unha lingua case idéntica, esquecidos do goberno central pola súa ubicación periférica, cun sistema de vida historicamente baseado na gandería e na agricultura e unidos baixo a práctica ilegal do contrabando(ou como eles lle chamaban: “o traballo nocturno”) foron algúns dos factores que contribuíron á creación desa comunidade galego-portuguesa a través da fronteira.

O contrabando axudou a moitos veciños da raia a elevar considerablemente a súa posición económica. O “oficio” requiría da cooperación entre galegos e portugueses e do establecemento dunha rede de contactos de confianza que asegurasen o éxito dos negocios. Pódese falar dun equipo galego-portugués que traballaba por uns beneficios comúns, a prosperidade económica do lado galego dependía do lado portugués e viceversa. Con todo, a visión xeral duns e outros sobre os colegas veciños non sempre é boa.

Hoxe en día, entre a vida a un e ao outro lado da raia non hai tantas cousas en común. O contrabando desapareceu e a forma de vida mudou. Nisto tivo moito que ver a figura dos retornados, mentres que os galegos emigraron principalmente a Alemaña e Suíza, os portugueses fixérono a Estados Unidos e a Francia. A súa volta trouxeron novos modelos arquitectónicos así como novos costumes, tal e como explican os nosos entrevistados (Gravación: Feces de Abaixo, Verín- Marisa Saarmiento).

O control de fronteiras entre España e Portugal suprímese tras a adhesión de ambos países ao tratado de Schengen en 1991. Segundo o título II do tratado, todos os cidadáns europeos deixaban de considerarse estranxeiros entre si aínda que fosen de países diferentes, afirmación que hoxe en día aínda non está implantada na mente dos europeos(Kavanagh, 2011:40). O Tratado de Schengen, no seu título dous, afirma: “Considérase estranxeiro a calquera persoa que non sexa nacional dos Estados membros da Unión Europea”².

²Consulta online do Tratado de Schengen: <<https://www.boe.es/doue/2000/239/L00001-00473.pdf>> [20/06/2019]

A desaparición da fronteira trouxo importantes consecuencias na vida das aldeas raianas galegas e portuguesas. O contrabando “limpo”, como lle chamaban os veciños da zona, desaparece e comézanse a traficar outras substancias como a cocaína e a heroína (Kavanagh, 2011:40). Ademais, é habitual hoxe en día que moitas rapazas portuguesas de condición humilde sexa nas “empregadas” de case todos os numerosos clubs de alterne situados ao longo da fronteira galego-portuguesa (Godinho, 2009:2-50).

Por outro lado, despois da apertura das fronteiras continuarán vivas algunhas tradicións comúns entre galegos e portugueses. Un exemplo disto atopámolo no campo da relixiosidade. Era habitual, e continúa a selo, que nalgunhas aldeas, o día da festa, a misa se oficiase dúas veces, unha en galego e outra en portugués. Cando se lles pregunta aos veciños portugueses e galegos por este feito todos ligan as súas virxes coas virxes do outro lado mediante relacións de parentesco. É común escoitar que a tal virxe galega é curmá doutra virxe portuguesa e viceversa. As fronteiras non parecen existir no referente á espiritualidade (Kavanagh, 2011:41).

Unha das fronteiras máis importantes entre Galicia e Portugal e que será foco do noso estudo, é a fronteira establecida entre a cidade portuguesa de Chaves e a cidade galega de Verín. Segundo Jose Luís Palmeiro e Miguel Pazos (2008:225) é o punto da fronteira entre España e Portugal no que hai un maior fluxo de persoas. A antiga aduana converteuse na sede da primeira Eurocidade, un proxecto que tenta resolver barreiras administrativas e conseguir unha cooperación mutua entre ambos territorios. Os cidadáns de Chaves e Verín contan cun carné que lles permite acceder ás bibliotecas e ás piscinas municipais, entre outras cousas, dun e doutro lado. Ademais, os hospitais ofrecen un servizo conxunto para deste xeito completar as especialidades médicas e apóstase por unha elaboración de infraestruturas, como se dun único territorio se tratase. Alberto Núñez Feijóo afirmou que o proxecto debe ser visto como: “a mellor política que se lle pode dar á convivencia na fronteira”³.

³Na páxina web da Eurocidade encóntrase máis información: <<http://es.eurociudadchavesverin.eu/novas/ver-nova/4f8ea79863bb7/alberto-nu%C3%B1ez-feijoo-y-paulo-simoes-julio-inauguran-la-sede-de-la-eurociudad-chaves-verin%2C-como-espacio-de-integracion-y-cooperacion-de-los-ciudadanos>>



Figura 1. Antiga aduana entre Verín e Chaves e actual sede da Eurocidade.

Entre Chaves e Verín continúa a ser típico que os veciños vaian ás feiras dun e doutro lado (Kavanagh, 2011:42). Cando aínda existía un control de fronteiras era común que se acudise ao país do lado para conseguir algúns produtos a mellor prezo. Coa chegada da Unión Europea estas diferenzas víronse reducidas; sen embargo, hoxe en día continúa certa tendencia a ir en busca dalgunhas cousas ao outro país para comprar máis barato. Un exemplo é o combustible, mentres que as gasoleiras portuguesas están baleiras, as gasoleiras galegas da fronteira están repletas de coches portugueses.

Pola contra, a eliminación da fronteira non pareceu favorecer as relacións persoais. É habitual que os mozos galegos e portugueses frecuenten bares e discotecas de ambos lados mais isto non indica que entre eles establezan amizades. Entre os seus pais e avós era común ter amigos galegos ou portugueses, quizais ante a necesidade de contar cunha persoa de confianza ao outro lado da fronteira para as relacións de contrabando.

3. Metodoloxía

Os datos recollidos para este estudo compóñense nun total de 9 entrevistas que se realizaron a ambos os lados da fronteira na comarca galega de Verín e nos concellos raianos do distrito portugués de Vila Real. A listaxe de concellos nos que se realizaron as gravacións son: Cualedro, Oímbra, Verín, Vilardevós, Montalegre e Chaves. Tentouse que os datos fosen o máis representativos posibles recollendo informantes de todos os concellos fronteirizos e naqueles casos que foi posible falamos con habitantes de aldeas veciñas separadas pola fronteira.




Figura 2 e 3. Mapas dos concellos nos que se recolleron entrevistas

Noutros casos decidiuse afastarse un pouco máis da raia para ter en consideración as opinións, valoracións e experiencias daqueles habitantes que están próximos a fronteira pero que non limitan con ningún territorio do país veciño. Estas entrevistas tal e como se analizará no apartado “6. As aldeas non raianas” deste traballo, seguirán un transcurso diferente e as percepcións destes entrevistados diferirán das obtidas polos entrevistados que viven nun territorio que está mesmo na raia.

O formato da entrevista consta de tres partes. O encabezamento será a recollida de datos persoais do falante: nome e apelidos, idade, aldea e concello, os anos que leva vivindo no territorio, o nivel de estudos, a profesión desempeñada ao longo da súa vida e un apartado chamado “outras” no que se anotaran datos de interese como por exemplo os

anos que viviu no estranxeiro. Con estes datos iniciais pretendemos achegarnos ao perfil sociolingüístico do falante para coñecer ata que punto as súas percepcións lingüísticas e sociais poden estar interferidas pola idade, o nivel de estudos ou as viaxes ao estranxeiro. As táboas que recollen a información persoal dos nosos entrevistados poden ser consultadas nos anexos deste traballo, xunto cun enlace web que permite acceder a todas as gravacións.

A entrevista conta a continuación con dous bloques de preguntas, o primeiro é aquel que contén cuestións que poñen en manifesto as relacións que existiron ou existen no territorio cos habitantes do país veciño. A través das respostas deste bloque preténdese obter unha visión xeral do tipo de relacións que existían a ambos lados da raia, tales como a frecuencia coa que se visitaba o país veciño cando existía unha fronteira vixiada e a frecuencia coa que se visita agora. Buscouse tamén que o informante contase algunha anécdota ou experiencia persoal que nos permitise obter máis información cualitativa. Foron entrevistas semidirixidas nas que, unha vez empezada a conversación, os informantes esquecían que estaban sendo gravados e a conversa continuaba dunha maneira relativamente máis espontánea, respectando sempre uns piares básicos que tiñan que ser tratados dentro do bloque de preguntas. Todas as entrevistas nos conduciron ao mesmo camiño: o contrabando. Tal e como se explicará neste traballo o contrabando foi un negocio do que practicamente subsistiron todos os habitantes da raia e polo tanto debemos ter en conta este feito en todo momento posto que será fundamental para entendermos as percepcións e as actitudes lingüísticas existentes entre galegos e portugueses no noso territorio de estudo.

Por outra banda, o segundo bloque de preguntas trataba sobre aspectos da lingua. Despois de que os informantes nos metesen en contexto e eles mesmos nos relataran algunhas das experiencias propias cos veciños do país do lado, preguntóuselles pola maneira en que galegos e portugueses se comunican, se pensan que a súa lingua está interferida pola lingua veciña, se existe unha comprensión absoluta, se se identifican máis coa variedade galego/portuguesa da aldea veciña ou coa variedade estándar da súa propia lingua... As respostas a este tipo de preguntas están claramente collidas da man das preguntas do bloque anterior. O tipo de relacións mantidas entre galegos e portugueses serán o espello das actitudes que se mostren fronte á lingua veciña.

O perfil do informante que buscamos é un perfil típico dos estudos dialectais: home ou muller maior de 60 anos cun nivel de estudos baixo e que, podendo ser, tivese unha mobilidade xeográfica reducida (que vivise no territorio raiano durante as épocas do contrabando).

Os datos persoais iniciais foron recollidos por escrito. Empregouse para todos os falantes unha folla-esquema que aparece recollida nos anexos deste traballo. Fíxose unha entrevista inicial a un falante varón de 81 anos, afincado na aldea de Moialde, pertencente ao concello de Vilardevós (territorio galego). Despois desta gravación, modificouse o esquema base da entrevista, agrupando as preguntas nos dous bloques xa citados. A pesar disto, esta primeira enquisa non foi retirada do noso corpus de datos. Coa reorganización do esquema inicial buscouse que a conversa fose máis fluída, que o falante esquecese que estaba sendo gravado e que deste xeito non se limitase exclusivamente a contestar as preguntas formuladas. A variedade lingüística empregada nas entrevistas foi a variedade dialectal propia do Sur de Ourense, a fala natural da comarca de Verín. Decidiuse non empregar o estándar para conseguir unha maior proximidade co falante. As gravacións foron feitas entre decembro de 2018 e marzo de 2019. A transcripción das gravacións fíxose seguindo as convencións ortográficas de cada lingua, máis reproducindo todos os trazos dialectais presentados polo falante, castelanismos, hipergaleguismos e fenómenos da oralidade como as contraccións ou a gheada.

O conxunto de datos foi ampliado con tres gravacións máis que serán analizadas no apartado “7. Actualidade: morte da cultura de fronteira”. Por un lado recolleuse a testemuña de Marta (A Caridade, Monterrei) e de Natalia (O Rabal, Oímbra), dúas mozas de 22 e 21 anos respectivamente que contaron brevemente a frecuencia coa que visitan Portugal e porque o fan. Con estas entrevistas quíxose deixar constancia das relacións establecidas entre galegos e portugueses na actualidade, tanto nas aldeas que están mesmo na raia (O Rabal) como naquelas aldeas que están cerca da fronteira pero non son raianas (A Caridade). Achegouse tamén unha entrevista con Iris Justo, unha das directoras dun proxecto feito na comarca de Verín que tentou recoller nunha curtametraxe esta memoria histórica que une Galicia con Portugal. Con esta información intentouse poñer de manifesto o contraste existente entre a actualidade e o pasado, tentando explicar como mudaron as circunstancias entre galegos e portugueses e como afectou isto tanto ás relacións persoais como a nivel lingüístico.

Unha vez conseguido o noso conxunto de datos comezou o seu análise. Como punto de referencia colleuse o traballo feito por Irene Santos Raña e Soraya Suárez Quintas (2014) sobre a percepción e as actitudes lingüísticas na fronteira galego-portuguesa.

4. Relacións sociais entre galegos e portugueses.

4.1 O contrabando

O contrabando foi unha actividade que formou parte da historia de toda a comunidade da raia galego-portuguesa do sur de Ourense e norte de Portugal. Familias enteiras subsistiron con esta actividade, aldeas enteiras víronse envoltas no negocio. Segundo os nosos informantes era un negocio limpo, no que as mercadorías que se pasaban dun lado para outro eran café, pescado, ovos, aceite, animais... Ao tratarse de produtos legais, os veciños consideran que era un traballo honrado, a pesar de que estaba perseguido pola xustiza. Ben é certo que algunhas persoas relataron que o movemento doutro tipo de substancias ilegais existía. Había contrabando de drogas e incluso, se pasaban persoas con fins económicos.

Tudo menos o contrabando sujo, eso si que não habia. Contrabandos sujos não (Xixirei, O Chaves).

Viñéronlle decir (ao seu home) de ir alí o río pasar unhes becerros (...) e un viña cheo de droga. E derde aquel día díxenlle ó meu home: eu os becerros que os metan por onde queiran, eu non vou máis, eu non ando en drogas eu ando en cousa legal (Vidiferre, Oímbra).

O contrabando é unha actividade que debemos ter moi en conta á hora de analizar a identidade das persoas que viven na raia. Segundo Paula Godinho (2009:43) “O contrabando integra un conxunto de actividades cotidianas que eran solidariedades de grupo e cumplicidades colectivas que protegem contra ameazas exteriores”.

Para que o “comercio” prosperase era totalmente necesario contar con aliados de total confianza no outro lado. Establecéronse deste xeito unhas redes sociais que se pasarían de xeración en xeración. Os veciños de ambos os lados encargábanse de levar o produto ata a raia e alí, galegos e portugueses facían os intercambios. Era pouco usual que os portugueses entrasen en territorio galego é viceversa. Cada un regresaba á súa aldea e sería o encargado de distribuír a mercancía. As relacións entre galegos e portugueses eran moi próximas e o círculo de amizades era maior ou menor tendo en conta a expansión do produto, é dicir, se o contrabandista levaba produtos soamente a nivel local o número de contactos establecidos para o negocio sería menor. Era un “traballo” no que ambas partes tiñan que colaborar polo beneficio mutuo. Isto creou un clima no que galegos e portugueses comezaron a verse como un equipo que traballaba en

conxunto por uns fins comúns: escapar dos controis da Garda Civil española e da Guardia Fiscal portuguesa. Esa mentalidade aínda existe nestas aldeas raianas na actualidade, nas que os propios veciños se definen como unha comunidade na que non ten cabida a diferenza de países (Godinho, 2009:32)

Antiguamente viñan (os portugueses) e veñen... Viñan o que podían, o contrabando (Resoxende, Vilardevós).

Os daiquí, os de raiando máis ou menos era tudo parecido. Todos traballavam no campo. Na zona era casi tudo o mundo contrabandista, na fronteira (Xixirei, Chaves).

Nosotros dende aquí negociavamos cos galegos vizinhos [...] nós traballávamos por aquí e eles por alí. Chegábase aí à fronteira do contrabando e entregava-se do que nosotros levávamos e eles levávanos a vender onde podiam (Xixirei, Chaves).

Daquelas, do contrabando vivían moitos e pasaban o que podían (Resoxende, Vilardevós).

Eran socios, o contrabandista daiquí e o contrabandista dalá que lle era o socio. Un pasaba dalá e outro pasaba daiquí (Feces de Abaixo, Verín).

Nós, a nossa vida era combinar uns cos outros (Vilar de Perdizes, Montalegre).

Aquí a droga fixo moitas cousas (...) perdían a cabeza (...) viña droga de Portugal. (Vidiferre, Oímbra)

A pesar de que ningún dos nosos entrevistados nos fixo distinción ningunha, hai que aclarar que é habitual atopar testemuñas que distinguen entre o contrabando e o estraperlo. Mentres que o primeiro era o termo escollido para aqueles negocios nos que había algún beneficio económico, o segundo fai referencia aos negocios de supervivencia que podían ser explicados como unha especie de trocos entre os dous países. Cando o estraperlo empezou a enfocarse como un negocio a denominación foi outra: o contrabando. Ao facer esta distinción entre termos debemos aclarar que foi unha diferenciación que se deu no territorio estudado, posto que estes matices de significado non foron os mesmos en todos os puntos do territorio español nin portugués. Noutras zonas de Galicia, os dous termos son totalmente sinónimos.

A pesar de que o contrabando estaba relacionado principalmente coas figuras masculinas, era un negocio no que podía participar toda a familia. Cada un, segundo o

seu sexo e estatura tiña que cargar un determinado peso e aquelas mulleres que non acompañaban os seus maridos na excursión nocturna eran as encargadas de preparar os “fardos” ou os “trouxos” (en portugués) que portarían os homes. En Vilar de Perdizes afirmáronnos que todo o pobo coa excepción de dúas persoas (das que incluso deron nome e apelidos) estaba inmerso neste mundo de mercado ilegal. O contrabando non era soamente un “traballo ou oficio”, era un estilo de vida.

Fernando se dedicó desde pequeno al contrabando (Xixirei, Chaves).

Eran cousas pó consumo, porque pá contrabear facía falta moita moneda (A Xironda, Cualedro).

Viñan á festa e aproveitaban pá traer un litro de aceite ou bueno... algo pá casa. Todo miseria (A Xironda, Cualedro).

Toda a gente desta aldea viveu do contrabando (Vilar de Perdizes, Montalegre).

O porte de produtos facíase normalmente na noite, para esquivar os controis da Gardinha e dos Carabineiros. A “Guardinha” era o nome dado polos veciños aos Gardas Fiscais portugueses, o diminutivo era empregado a xeito de mofa ou burla. Por outro lado, a Garda Civil española era alcumada como os “Carabineiros”. O termo Carabineiro parece unha adaptación feita pola poboación galega e portuguesa do termo castelán “Carabinero”. O “Cuerpo de Carabineros” era o corpo armado español encargado do control de fronteiras dende 1829 ata 1940, ano no que quedou integrado dentro do corpo da Garda Civil.⁴

Era común que nas aldeas máis grandes da raia houbera un cuartel dende o cal se controlaba todo este mundo e a onde levaban a todos aqueles contrabandistas que eran capturados. Segundo os nosos informantes, ás veces era posible subornar á garda, bastaba con darlle un tanto por cento das mercadorías e estes deixaban os contrabandistas seguir o seu camiño. Sen embargo os que seguían este método eran moi poucos. A gran maioría dos gardas optaban por retirar os produtos na súa totalidade e así quedar con eles. En calquera caso, os contrabandistas expúñanse a ser presos, pagar unha multa, perder os fardos ou incluso á morte. Algunhas das nosas testemuñas contan

⁴Para ampliar información consultar:

<[<https://es.wikipedia.org/wiki/Cuerpo_de_Carabineros_\(Espa%C3%B1a\)>](https://es.wikipedia.org/wiki/Cuerpo_de_Carabineros_(Espa%C3%B1a))>

que foron varias as ocasións nas que os enfrontamentos entre gardas e veciños remataron disparos de armas de fogo.

Había que pagarlle os gardinhas e os daiquí. Cobraban un tanto por cen... Aíquí están as leiras pegadas cos de Soutelinho, cas dos portugueses (Vidiferre, Oímbra).

Cos guardias había unha boa relación, porque iles tamén facíalles falta, a pagha tampouco lles chegaba o que cobraban e quedaban cun tanto por cien (Vidiferre, Oímbra).

Os carabineiros eran a Guarda Civil espanhola e eran conocidos nossos (Xixirei, Chaves).

Todos estaban sobornados, todos (Xixirei, Chaves).

Aíquí no, pero os portugueses anduveron a tiros moitas veces (Feces de Abaixo, Verín).

Eu fui buscar vinho a São Milhão (Oímbra) e fiquei sem os garrações, foram os carabineiros que me viram lá por cima ir a São milhão (Vilar de Perdizes, Montalegre).

Para esquivar os controis existía toda unha ruta ou trillo (en portugués) do contrabando. Estas rutas estaban compostas por unha serie de camiños alternativos e escondidos polo monte que eran coñecidos por todos no territorio. Comunicaban varias aldeas fronteirizas ata que finalmente, os camiños desembocan xusto na fronteira galego-portuguesa. Unha das rutas máis coñecidas na zona é a ruta de Vilardevós que comunicaba os dous territorios a través de Xixirei (Chaves) e Soutochao (Vilardevós). Hoxe en día, continúa ser un camiño moi coñecido na zona que esperta o interese de turistas e curiosos.

Para cruzar a fronteira íamos pelos camiños do monte (Xixirei, Chaves).

Tudo se pasava por carreiros e camiños mal feitos [...] tínhamos que ir pelo monte senão quitavam-nos as coisas (Vilar de Perdizes, Montalegre).

Os trilhos do contrabando, os carreiros iban dende aquí até Xixirei. Pasa pelos pobos de Soutelinho, Vidiferre, Soutelinho, Casas dos montes, Cambedo, Lamadarcos... e vai até Xixirei (Vilar de Perdizes, Montalegre).

En canto aos produtos que máis se movían dun lado a outro, os nosos entrevistados afirman que eran: café, gando, peixe, ovos e tabaco. As épocas de maior esplendor para o desenvolvemento do contrabando remóntanse á posguerra en España. Foron tempos

de fame nos que a economía española estaba na ruína. Nese momento a circulación de mercadorías procedentes de Portugal intensificouse. Os produtos que máis se traían a España eran aqueles relacionados coa alimentación como carne, azucre, café, pescado, fariña, pan e aceite. Hai que ter en conta que neste contexto os controis fronteirizos aumentaran. Non foi este un motivo que provocase que o negocio do contrabando fraquease nesta parte da fronteira galego-portuguesa, onde a guerra fora menos intensa con respecto ao resto de España. Foi unha etapa da historia na que conviviron o contrabando e o fluxo de persoas que tentaban refuxiarse no país veciño.

O que se passava variava co tempo, quando lá era barato ía-se comprar lá e quando era máis caro comprava-se aquí (Vilar de Perdizes, Montalegre).

O tempo de contrabando também foram tempos de refugiados (Vilar de Perdizes, Montalegre).

O fin da Guerra Civil española coincidiu co inicio da Segunda Guerra Mundial. Este acontecemento potenciou o contrabando de volframio, un mineral moi empregado para a construción de armas.

El contrabando de wolframio que se produjo durante la Segunda Guerra Mundial. Existe una mina cerca de un pueblo gallego de la frontera que fue usada por el bando alemán como tapadera para importar este mineral, usado para la fabricación de bombas y aviones, de forma ilegal, desde Portugal hasta España. Siendo Portugal el aliado más antiguo de Gran Bretaña, este no podía exportar el wolframio directamente a Alemania, así que el mineral se pasaba primero a España de contrabando para ser luego exportado legalmente desde España a Alemania. (Kavanagh, 2011:37)

O contrabando do café foi nos anos 40 y 60. O bacalhão foi também nesse tempo... enlatados, bananas, marisco, coco... tudo. Também era tempo de guerras e passavam volframio (Vilar de Perdizes, Montalegre).

O café foi sen dúbida unha das mercancías preferidas polos contrabandistas. Xa na década dos 50 e a medida que o negocio do contrabando se foi consolidando, o café gañou un dos primeiros postos como ben máis pasado de Portugal a Galicia. Mentres que na década dos 40 en Portugal o quilo de café custaba entre catro e cinco pesetas, en España vendíase por oito ou incluso dez pesetas. (Medina, 2006:151)

Había contrabando de todas as clases, desde.. eu que sei.. desde arroz até tudo, até animais i de todo, todo. Café ha habido un contrabando de café terrible muitos anos.

Como na altura Portugal cosechava mucho café nas Áfricas e nas colonias... (Xixirei, Chaves).

Se cuadra algúns do pueblo ían buscar un quilo de café (A Xironda, Cualedro).

Pasaba daiquí os plátanos [...] o café viña dalá pá cá (Feces de Abaixo, Verín).

Claro que había contrabando [...] eu tamén anduven. Pasaba café de abaixo parriba (Moialde, Vilardevós).

O contrabando de tabaco foi un dos máis antigos e dos poucos que persisten hoxe en día (xunto co tráfico de drogas). Xeralmente, o tabaco era un produto suplementario de todos os outros que pasaban os contrabandistas. O máis habitual era pasalo de Portugal a España agochado en petos interiores. Noutros puntos da fronteira española con Portugal, á altura de Extremadura, onde o negocio do contrabando tamén foi unha actividade económica importante, existía o chamado “seno”, unha chaqueta elástica que permitía transportar entre 50 e 200 paquetes de tabaco (Medina, 2006:150).

Aquí lo que se pasaba más era el café, el tabaco, los animales (Xixirei, Chaves).

Agora o contrabando acabou.... Queda o tabaco tal vez (Vilar de Perdizes, Montalegre).

Existiu tamén un contrabando de gando que tivo unha gran importancia ao longo da historia a pesar de que é do que menos rexistros policiais se conservan. O contrabando con animais era moi útil posto que permitía levar os animais cargados de mercancía ata a raia, obtendo así un beneficio dobre. O contrabando de gando estaba moi asociado a outros tipos de contrabando. Non era habitual o transporte exclusivo de animais (Medina, 2006:148).

Eu pasei marranchos, pasei patatas, pasei touros, pasei aceite... de todo (Vidiferre, Oímbra).

Por outra banda, moitos dos nosos informantes apuntan que, na época, os veciños portugueses eran xeralmente máis pobres que os galegos. Algúns deles, como por exemplo a falante de Vidiferre, cóntanos que esta diferenza económica foi a responsable do xa citado movemento de persoas. Na década dos 50 iniciouse un proceso migratorio cara a outros países de Europa, sendo Francia un dos destinos máis recorrentes para os portugueses. Iniciouse deste xeito o coñecido como “tráfico de persoas”.

O lado portugués foi máis pobre (Vidiferre, Oímbra).

Estes pueblos da raia normalmente hai pouca diferenca no vivir, hai pouca diferenca dos españoles os portugueses [...] alí sempre foron máis pobres (A Xironda, Cualedro).

O terreno diles en general éralle máis pobre co daiquí (A Xironda, Cualedro).

Aiquí sempre houbo un nivel máis alto (económico) que alí. A xente aquí vivía mellor, aunque agora vas pa Portugal e teñen casas muito mellores cás nosas [...] Os que marcharon pó extranxeiro, que marcharon pá... pá Francia, viñeron todos pó pueblo e fixeron todos casa. Os daiquí no, os daiquí marcharon pás cidades (Feces de Abaixo, Verín).

As pensións son máis pequenas alá (Feces de Abaixo, Verín).

Moitos galegos da fronteira sacaron proveito da situación axudando aos seus veciños portugueses a cruzar a raia a cambio dunha elevada cantidade económica. Moitos eran contrabandistas veteranos que compatibilizaron o comercio de produtos co de persoas. Outros axudaban aos portugueses a cruzar a fronteira sen esixir ningún tipo de compensación económica. A súa motivación era unha simple cuestión de solidariedade. Algúns dos nosos informantes falan destes episodios contando a súa experiencia persoal. Orlando de 78 anos e veciño de Vilaverde da Raia relata como colaborou con moitos dos seus paisanos para axudarlles a cruzar a fronteira.

Eu pasei muita jente pa Francia, antigamente a gente quería ir pa Francia [...] Eu passava a gente pero não lhe cobrava nada (Vilaverde da Raia).

A gente vendía casa, terras... Pa pagar 15, 20.. até 20 contos pá passar pa Francia, e eu vía a gente e.. . ajudar é bonito (Vilaverde da Raia).

Eu tinha uma barca.. – Quanto é senhor? Não é nada. Não costava nada ajudar... Mas se me agarrava a polícia ia eu preso (Vilaverde da Raia).

Foi en varias aldeas raianas onde os veciños nos contaron que existía quen sacaba proveito enganando aos portugueses. Unha das historias máis estendidas no val de Verín conta que un veciño ofrecía aos portugueses a posibilidade de levalos ata Francia (un dos países típicos na emigración portuguesa) a cambio dunha elevada cantidade de diñeiro. Segundo se conta, o galego recollía na fronteira os portugueses e conducía durante horas ata chegar a un lago da zona. Unha vez alí dicíalles aos portugueses que ao outro lado da auga estaba Francia e que debía cruzar a nado o lago para chegar ao seu destino. Moitos morrían no intento e outros víanse obrigados a regresar á súa aldea máis

empobrecidos que nunca. Non existen fontes escritas nin testemuñas fiables que permitan asegurar a veracidade da historia. O que si é certo é que este tipo de historias que falan sobre as relacións entre galegos e portugueses existen e circulan vivamente, hoxe en día, entre os habitantes da comarca de Verín. Por outro lado tamén recolleemos testemuños que relatan que moitas rapazas portuguesas foron traídas a Galicia con promesas de emprego como limpadoras. Cando se asentaban en territorio español eran obrigadas a exercer a prostitución en clubs de alterne, sendo sometidas a malos tratos e vexacións.

Un daiquí (...) iban buscar rapazas a Portugal e dicíanlle que lle daban traballo e despois metíanas neso (prostitución) (...) Enganábanas. Era socio dun traficante de mulleres. (Vidiferre, Oímbra)

Nalgunhas aldeas, a actividade do contrabando foi fundamental para o desenvolvemento e o crecemento da vila. Foi a única actividade que permitiu a supervivencia dos veciños en tempos de crise. Un destes casos foi a aldea de Vilar de Perdizes onde nos afirmaron que o pobo estaba case na súa totalidade dentro do negocio. Tanto é así, que hoxe en día, no centro da aldea os veciños decidiron erixir unha figura conmemorativa do que tanto anos foi o seu sustento económico. Ao lado do parque e do pequeno campo de fútbol que ten a aldea, instaláronse fai anos tres figuras: unha delas representa a un contrabandista, outra a un gardinha e outra representa a un burriño cargado de mercadoría.



Figura 4. Monumento en honor ao contrabando na aldea de Vilar de Perdizes.

Noutros sitios, como en Soutelinho da Raia, apareceron un fresco na igrexa que demostran a antigüidade do negocio. O fresco foi descuberto casualmente. A historia recollida polos veciños conta que hai anos a señora encargada de limpar a igrexa limpou unha das pinturas decorativas cun produto que estragou a pintura. Para sorpresa de todos, por debaixo, había outro fresco que parecía plasmar unha imaxe típica do contrabando e no que se podía ler: “*vendo-se perseguido dos guardias conseguiu salvar a pele e a carga*”. Pénsase que está pintura puido ser encargo dun contrabandista que tiña algunha débeda con Deus despois de conseguir fuxir dun control policial (Godinho, 2009, 29-57).

Non hai dúbida cando afirmamos que o contrabando foi a actividade máis importante como compoñente da cultura de fronteira. Dunha forma ou outra, o contrabando axudou a crear un clima raiano no que a cooperación entre veciños e as relacións entre estes eran obrigatorias. Para o negocio necesitábase ter amigos do outro lado nos que poder confiar, compañeiros que non os delatasen e que o súa supervivencia dependese do mesmo (Kavanagh, 2011:35). Era un negocio no que o futuro dos españois estaba en man dos portugueses e viceversa, polo que era totalmente necesario derribar os posibles prexuízos existentes e ver aos veciños como un máis.

Si não fora os dacá e os dalá em común não se fazia contrabando. Por isso, esta historia tinha que ser em común (Vilar de Perdizes, Montalegre).

4.2 Outros tipos de comercio, festas e casamentos mixtos.

O contrabando foi unha das actividades a través da cal os galegos e portugueses estableceron lazos sociais. Pero non foi a única. Era habitual, e hoxe en día segue a selo, que portugueses e galegos acudisen ao país veciño con intención de comprar aqueles produtos que están máis baratos. Actualmente, os días de feira en Verín están ateigados de portugueses e entre a mocidade galega é típico ir os fin de semanas a Chaves ás tendas, a tomar un café ou a frecuentar locais de ocio (Kavanagh, 2011:42). Ao non existir un control de fronteiras como antigamente, non hai impedimentos á hora de desprazarse ao país veciño e pasar dun lado para outro os produtos mercados.

Hoxe en día este pueblo compra máis en Portugal, en Chaves ca en Verín porque a raia agora non existe, está todo libre e antes non (Vidiferre, Oímbra).

Viñan comprar os comercios daiquí que lle eran máis baratos que alá (Resoxende, Vilardevós).

Ahora veñen máis ca antes, veñen porque agora non lle poden sacar nada (A Xironda, Cualedro).

Ahora aquí o supermercado veñen pouco, hai pouca diferenza de prezos. O que teñen agora máis diferenza será no butano, nas bombonas da cociña, alí son máis caras (A Xironda, Cualedro).

Aquí o que máis foi o... os comercios, que viñan os portugueses comprar (Feces de Abaixo, Verín).

Sen embargo, parece que as relacións actuais entre galegos e portugueses non son como as de hai anos. Os rapaces novos van con regularidade ao outro país, pero non establecen amizades da outra nacionalidade. Os nosos entrevistados afirmaron que antes o máis normal era xuntarse todos (galegos e portugueses) cando había algunha festa na zona. Os portugueses viñan ás festas das aldeas galegas e viceversa. Entre a poboación máis vella segue a ser habitual esta práctica. Son moitos os xubilados que se agrupan para ir ás romarías do país veciño. As misas están ateigadas de galegos e portugueses, pois circula entre estes a lenda de que as virxes das súas respectivas aldeas son irmás ou prima. Isto xera unha sensación de unión espiritual coa comunidade veciña. Era típico que os galegos ou portugueses que ían á festa se quedasen a comer na casa dos seus amigos veciños. Toda a xente coa que falamos asegura que todas as amizades que fixo na época do contrabando as mantén e que entre eles nunca se viron como estranxeiros senón como un amigos.

Hai unha festa e énchese isto todo de portugueses. Temos moi boa relación (Vidiferre, Oímbra).

Alí en Soutelinho (Chaves) teñen a festa que lle chaman O Señor e imos todo ó pueblo (Vidiferre, Oímbra).

Tenho muitos amigos galegos, das aldeas do lado un montón. (Xixirei, Chaves)

Nós íamos muito a benzer os ramos a Soutichao (Vilardevós) porque aquí não habia. Éramos jóvenes e íamos máis pela brincadeira que pelos ramos. (Xixirei, Chaves)

Hoxe xa non veñen por o contrabando, veñen por a misa e por comer porque é a festa do pueblo (Resoxende, Vilardevós).

Vamos a festa e eles aquí.. Imos a Vidiferre (Oímbra) e viceversa, e a Casa dos Montes (Oímbra) (Vilar de Perdizes, Montalegre).

O contrabando, as festas, os comercios... foron todos factores decisivos para a formación dunha sociedade de fronteira. Todo o mundo tiña amigos ao outro lado da raia e as relacións con eles eran totalmente normais. As terras portuguesas e galegas fronteirizas eran unha como unha comunidade única, na que as relacións de amizade en moitos casos deron un paso máis aló transformándose en relacións amorosas. Os casamentos entre galegos e portugueses eran totalmente normais nunha zona compartida por todos. Sen embargo, en moitos destes casamentos operaban os prexuízos por encima das relacións humanas, especialmente naquelas aldeas próximas á fronteira pero que non eran raianas. Mentres que para algúns os casamentos mixtos eran totalmente normais, para outros estaban cargados de connotacións negativas. As malas linguas dicían que as galegas que casaban con portugueses era porque non había ningún galego que as quixera por ter tido relacións con outros homes. Este tipo de información delata que hai algúns prexuízos latentesque estarán máis presentes naquelas aldeas próximas á fronteira pero que non son raianas, tal e como se explicará no apartado “6. As aldeas non raianas” deste traballo. Por sorte, non todos os galegos o pensaban deste xeito. Nas aldeas afincadas mesmo na fronteira os casamentos entre as dúas nacionalidades eran e seguen sendo normais.

A fronteira tiña os seus privilexios en canto aos casamentos. Existía o chamado “efecto-fronteira” mediante o cal as persoas viúvas evitaban perder a súa pensión de viuvez casando de novo no país veciño. A diferenza de nacionalidade era unha escusa válida para que a igrexa os deixase volver casar relixiosamente e o seu matrimonio fose válido. Deste xeito, mentres nun país eran considerados como viúvos no outro estaban legalmente casados (Godinho, 2009:29-57).

En Vilar de Perdizes había unha discoteca [...] e a moxedá daiquí iban moito alí a discoteca i-alí pois moitos conocéronse alí e casáronse (A Xironda, Cualedro).

Hoxe non, hoxe non, pero antiguamente casábanse moitas españolas cos portugueses.... Antes estaba mal visto, casarse cos portugueses e porque xa non a querían ningún español.... Porque tivera algo con outro e xa non a quería nadie, porque antiguamente había que ser moi decente eh! (Vidiferre, Oímbra).

En Vilardevós há muitas portuguesas e en Verín há portuguesas também casadas. Eu tenho unha irmá que está casada con um de Albarelos (Monterrei) (Xixirei, Chaves).

Aquí hai algunhas casados en Portugal e...e...igual... e viceversa [...] relaciónanse igual cos outros veciños (A Xironda, Cualedro).

Hai muita xente, hai moitas portuguesas casadas con españoles, hai máis portuguesas casadas aquí que daíquí ir palá (Feces de Abaixo, Verín).

Todas estas relacións entre galegos e portugueses contribuíron sen dúbida á creación da cultura de fronteira.

4.3 Pobos promiscuos e a Batalla do Cambedo

Outro fenómeno que a través da fronteira axudou ás relacións entre galegos e portugueses son os “Pobos promiscuos” (O Cambedo, Soutelinho da Raia e Lamadarcos) e a Batalla do Cambedo.

Os habitantes do territorio estudado tenden a confundir os Pobos Promiscuos co Couto Mixto. O antigo territorio do Couto Mixto estaba formado polos lugares de Santiago, Rubiás e Meaus, actualmente pertencentes aos concellos de Calvos de Randín e Baltar. Eran tres aldeas vinculadas historicamente a Galicia e Portugal cunha dobre adscripción en ambos os países. Os cidadáns do Couto podían escoller a súa nacionalidade (portuguesa ou española). A súa máxima autoridade era un veciño nomeado alcalde por asemblea e non pagaban impostos a España nin a Portugal. Non sucedeu o mesmo cos Pobos Promiscuos, grupo formado por O Cambedo, Soutelinho da Raia e Lamadarcos, integrados actualmente no concello de Chaves. Estes estaban habitados por galegos e portugueses que non tiñan ningún tipo de privilexio nin exencións de tipo fiscal. A raia que delimitaba a fronteira entre ambos países pasaba xusto por encima da aldea. Había casas que eran metade españolas e metade portuguesas, cunha porta de saída para cada país, feito que axilizaba moito o negocio do contrabando, actividade de sustento dos seus habitantes, que gozaban dunhas terras de cultivo moi pouco produtivas (García Mañá, 2000:25-180).

A raia estaba justo lá encima, esta parte era España há mutos anos. Despois negociaram con España, co Couto Mixto... A rúa... metade era Portugal, do lado de acá. O que separava España de Portugal era a rúa principal [...] era a raia (Soutelinho da Raia, Chaves).

Era tudo alinhado, unha parte España e outra Portugal (Soutelinho da Raia, Chaves).

Os motivos polos cales os veciños confunden os Pobos Promiscuos co Couto Mixto teñen a súa orixe no Tratado de Lisboa de 1864. O que se fixo neste tratado foi poñer fin aos privilexios do Couto Mixto, facendo un acordo entre España e Portugal que integrase as debatidas aldeas nalgún dos dous países. Coa sinatura do tratado, os membros do Couto Mixto pasaban a ser exclusivamente españois aínda que os seus habitantes tiñan un ano de prazo para escoller a súa nacionalidade. De forma un pouco compensatoria, o Tratado deulle a Portugal os tres Pobos Promiscuos que quedaron finalmente integrados, na súa totalidade, no concello de Chaves (García Mañá, 2000:149).

Habiendo pasado íntegramente al dominio y soberanía de Portugal, en virtud de los arts. 10 y 11, los tres pueblos promiscuos denominados Souteliño, Cambedo y Lamadarcos, y quedando a su vez bajo el dominio de soberanía de España, en virtud del art. 7.º, los tres pueblos del Coto misto, llamados Santa María de Rubias, Santiago y Meaus, convienen ambas Partes en que así los habitantes de los pueblos promiscuos que sean realmente súbditos españoles, como los habitantes de los pueblos del Cotomisto que sean realmente súbditos portugueses, puedan conservar su nacionalidad, si así les conviniese. Al efecto, tanto los unos como los otros declararán su decisión ante las Autoridades locales en el término de un año, contando desde el día en que se ponga en ejecución el presente Tratado. (Tratado de Lisboa, art.27. Apuntado por García Mañá, 2000)

Un exemplo destas confusións podemos atopalo no viño Couto Mixto, un viño de denominación de orixe Monterrei. O nome pretende facer alusión ao feito de que os viñedos desta bodega se atopan mesmo na raia, xusto no límite entre Mandín (Oímbra) e Lamadarcos (Chaves). Quere facer un recoñecemento ao pasado que uniu ambos territorios. Este territorio non se corresponde co Couto Mixto senón co límite fronteirizo entre os Pobos Promiscuos, trátase polo tanto dunha confusión.

Cambedo, Soutelinho e Lamadarcos foram tres pobos do Couto Mixto. Em Lamadarcos había dúas igrejas, uma pós galegos e outra pós portugueses, porque a raia passava pelo medio da aldea (Vilar de Perdizes, Montalegre).



Figura 5. Mapa do Couto Mixto e dos Pobos promiscuos, tomando de García Mañá (2000)

O tratado de Lisboa foi asinado o 29 de setembro de 1864 polo marqués de Ribeira Facundo Goñi e polos duques portugueses de Loulé e Jacinto da Silva en nome dos reis español e portugués da época. A repartición das terras e a delimitación das novas fronteiras foi un proceso longo que constou de varias etapas nas que tiveron en conta factores de diferente índole: número de habitantes de cada nacionalidade nas debatidas aldeas, quilómetros cadrados pertencentes a cada país... A firma do tratado non tivo unha boa acollida entre os veciños dos Pobos Promiscuos que afirmaban que despois da colocación dos novos marcos fronteirizos, o lado portugués quedará coas terras menos produtivas. En maio de 1858 os veciños da zona de Xixirei retiraron os marcos. Ante os problemas que se estaban a presentar, aprobouse en 1857 unha nova lei que permitía que os veciños galegos e portugueses intercambiasen as súas terras. Hoxe en día aínda non é un tema resolto de todo posto que segue a haber parcelas de terra, na zona de Vilardevós, que son demandadas por galegos e portugueses (Heriberto Cairo e Godinho, 2013: 37).

Outro acontecemento importante na zona foi a Batalla do Cambedo. Foi un encontro bélico protagonizado por grupo de guerrilleiros antifranquistas da zona das Chás (Oímbra) que tiveron que refuxiarse no Cambedo, posto que eran perseguidos polo bando gañador da guerra civil española. Durante anos, as familias dos refuxiados foron perseguidas e torturadas para que confesasen a localización dos guerrilleiros. Ademais, era habitual que a falanxe tentase buscar denunciante que puidesen aportar algunha pista a cambio de elevadas cantidades de diñeiro. A historia rematou o 21 de decembro de 1946 co bombardeo da aldea portuguesa e hoxe en día aínda podemos atopar nela casas que foron derribadas e nunca se volveron levantar. A historia estivo silenciada durante moitos anos, sendo practicamente só coñecida pola xente da contorna. Foi a partir de década dos 70 cando os acontecementos comezaron a ter un maior eco. O feito de que as aldeas raianas foran un lugar de refuxio para os escapados españois, creou un sentimento de agradecemento e de unión co pobo portugués (Martínez-Risco Daviña, 2004:13-26).

En Casas dos Montes mataron un home, a gardia civil... Era dunha cuadrilha... Um dos galegos que estaba refuxiado pola guerra foi denunciado e matárono. Era un refuxiado no Cambedo (Vilar de Perdizes, Montalegre).

4.4 A raia como algo “non existente”

Está claro que a raia galego-portuguesa na comarca de Verín e no distrito de Vila Real non funcionou como unha barreira cultural e social, e en moitos casos nin sequera actuou como unha barreira física que separase ambos territorios. En moitos dos puntos nos que recolleemos información fábase da “raia seca” posto que non existe ningún río nin accidente xeográfico considerable que separe ambos territorios. Moitas veces a delimitación entre Galicia e Portugal vén dada por unha pedra a modo de marco situada no medio dunha finca. Colocarse á dereita ou a esquerda da mesma pode supor, en cuestión de segundos, o cambio dun país ao outro. O sur de Galicia e o norte de Portugal, historicamente, foron territorios moi ligados. A fronteira soamente existía dende o plano da legalidade, cruzar dun país ao outro tiña como único impedimento os controis policiais.

Antes había fronteira, había gardias aquí que non deixaban pasar (A Xironda, Cualedro).

A forma de vida era a mesma, galegos e portugueses traballaban as súas terras, que na maioría dos casos lindaban as unhas coas dos seus veciños. Os métodos de cultivo eran os mesmos a ambos os lados. Aínda que entre os nosos informantes se recolleron afirmacións de que os portugueses eran máis pobres economicamente (o que xerou algúns prexuízos), os ambos territorios estaban á par. As diferenzas sociais entre campesiños galegos e portugueses eran escasas, o que fixo que as relacións se baseasen nun tratamento de igual a igual. Ademais, o contrabando actuou como elemento de cohesión, e galegos e portugueses cooperaron xuntos para burlar os controis policiais e prosperar no negocio. En épocas de posguerra e de fame, nas que o traballo no campo non permitía sustentar a economía das familias, o mercado ilegal foi unha fonte de ingresos. A cooperación e a convivencia xeraron un sentimento de unión entre ambos os pobos, que se viu reforzado polas axudas prestadas aos refuxiados. Galegos e portugueses eran amigos.

Traballan moito os portugueses tamén (referíndose a recollida da castaña) e estamos todos xuntos e é como si fóssemos os dous os mesmos pueblos, non hai raia nin hai nada (Vidiferre, Oímbra).

Tiña amigos portugueses porque ían traballar os campos e traballaban uns cos outros [...] as terras lindaban (A Xironda, Cualedro).

Os maiores amigos que tuvo a miña mai son portugueses [...] e continúan a ser amigos (Feces de Abaixo, Verín).

Tenho mais amigos galegos na Espanha que aqui (Vilarverde da Raia).

Éramos todos um e trabalhávamos juntos. Tinham também uma terra coa nossa, era mesmo extremo com extremo (Vilar de Perdizes, Montalegre).

As festas eran puntos de encontro entre ambas comunidades, uns veciños abrían as portas das súas casas aos outros. As amizades ían un paso máis alá dos negocios. Como se apuntou anteriormente, os casamentos mixtos eran habituais. A cultura tiña moitas cousas de parecido a ambos lados. Os nosos entrevistados afirmaron que non existía ningunha outra fronteira excepto a que marcaban os controis da policía e agora que estes controis xa non existen, a raia tampouco. Segundo eles, hoxe en día, non hai fronteira. Identifícanse como un único territorio no que conviven galegos e portugueses unidos por un pasado común.

Hoxe en día non hai raia.... Hoxe en día podes pasar, ir, vir.... (Vidiferre, Oímbra).

Eses tempos foron bos, pero hoxe inda non mellores porque non hai raia. O meu home xa lle comprou a un portugués de Soutelinho cuatro leiras (Vidiferre, Oímbra).

Agora fronteira non há, está tudo libre (Xixirei, Chaves).

E quase porque não imos ser amigos? [...] como si foram portugueses. Tanto tem ir a Cualedro ou Verín ou ir a Chaves (Vilar de Perdizes, Montalegre).

5. A lingua na raia.

Entre todo este panorama de relacións debemos ter en conta un factor fundamental: a lingua. Ben é sabido que o galego e o portugués son dúas linguas cunha orixe común, que moitas son as cousas nas que se parecen ou mesmo son iguais. Xa vimos que a nivel social a raia non foi unha barreira nin un impedimento cultural. As aldeas do noso estudo forman unha comunidade única na que os intercambios e a cooperación entre uns e outros son constantes. Neste contexto a lingua debeu ser un factor decisivo para as relacións culturais e a fronteira tampouco actuou como barreira a nivel lingüístico.

Galego e portugués son dúas linguas en contacto que conviven nun territorio poboado por falantes de dúas nacionalidades distintas. Hai un pasado que une ambos os territorios e posiblemente as actitudes e percepcións lingüísticas dos falantes da zona teña a súa explicación niso. Neste apartado intentará explicarse como as actitudes de cara á lingua están condicionadas polas relacións establecidas entre os veciños das aldeas raianas situadas na fronteira Verín-Montalegre.

5.1 Achegas teóricas ao estudo das actitudes lingüísticas

As actitudes e as percepcións lingüísticas son un tema de estudo integrado nas sociolingüística e inflúen directamente nas relacións sociais entre os falantes. O tema foi adquirindo tal importancia que a través del, comezouse a falar de novas propostas como a dialectoloxía perceptiva, disciplina que intenta facer unha distribución xeográfica das variantes dunha lingua tendo en conta as percepcións dos falantes (Barragán, 2018:97). En primeiro lugar débese explicar o que se entende por actitude lingüística posto que a súa definición emprégase de diferentes maneiras. Tradicionalmente distinguíuse entre dúas teorías principais. Unha delas é a proposta feita polo mentalistas, que é a máis aceptada entre os estudosos. Estes identificaron as actitudes lingüísticas como algo non directamente observable, e definen actitude como un estado mental froito dalgún estímulo que condicione as respostas dos falantes e que non son dependentes do contexto (Barragán, 2018: 98)⁵:

Disposiciones mentales o neurológicas no directamente observables, pero al alcance de la observación por su conexión por determinadas respuestas y comportamientos

⁵Para coñecer en profundidade a postura de Barragán consultar a súa tesis de doutoramento pola USC.

objetivos, y por tanto, con el rango teórico de variables independientes (Villena Ponsoda, 1992: 99, citado por Barragán 2018:98).

Por contra, os condutivistas entenden que as actitudes lingüísticas son visibles a través do comportamento social dos falantes (Gómez Molina, 1998:88).

Na actualidade, a definición máis aceptada para o concepto de actitude lingüística é a que fixo Lambert en 1964. O autor afirmou que as actitudes lingüísticas eran a suma de tres factores fundamentais:

- Elementos cognoscitivos: neste grupo inclúense as crenzas, o coñecemento e os prexuízos existentes entre os falantes. Estes elementos forman a chamada conciencia sociolingüística do falante e serán a principal causa das actitudes lingüísticas. Cando falamos de coñecemento e prexuízos temos que pensar na dimensión social. O ser humano xera as súas propias expectativas segundo o entorno social e cultural que o rodea.
- Elementos afectivos: este grupo está formado polos xuízos de valor e polas asociacións dos falantes entre lingua e identidade. O contacto entre falantes e a súa convivencia nun mesmo entorno (elementos cognoscitivos) non implica necesariamente que os xuízos de valor de cara a outra lingua sexan bos nin que a identifiquen como propia.
- Elementos conativos: fai referencia ás condutas tomadas polos falantes dunha ou outra lingua en determinado contextos.

En xeral, a definición de Lambert foi aceptada por a maior parte dos lingüísticas. Algúns ampliaron a definición afirmando que para explicar as actitudes lingüísticas deben terse en contra outros factores como o sexo e a idade (Gómez Molina: 1998: 89).

Todos autores coinciden afirmando que non podemos desvincular as actitudes lingüísticas da interacción social. As actitudes lingüísticas non nacen de xeito illado na mente de cada unha das persoas, senón que tenden a ser xerais e compartidas polo grupo de falantes que habitan unha zona común e que viven un contexto social semellante (Barragán, 2018:98). Debemos ter en conta o papel xogado polo establecemento dunha lingua estándar que será fundamental para as actitudes lingüísticas dos falantes. O estándar tómase como punto de referencia para comparar a propia variedade lingüística fronte á variedade que, popularmente, é coñecida como a máis correcta. O mesmo

sucedirá coa vitalidade da lingua, un maior número de falantes dunha mesma variedade tende a ser vista mellor. Isto demostra que as actitudes lingüísticas tamén están ligadas a normas culturais (Barragán, 2018:102).

As actitudes lingüísticas son un produto máis das relacións sociais humanas. Moitas veces, as actitudes de cara a unha lingua non estarán fundamentadas exclusivamente no grado de “corrección” ou “incorrección” lingüística senón que serán reflexo das relacións sociais entre persoas. Aquelas persoas socialmente máis achegadas considerarán que os seus semellantes dominan unha variedade da lingua moi próxima, mentres que coas persoas que máis se diferencian socialmente, maior percepción de afastamento lingüístico se vai percibir. Tamén pode suceder o contrario e que unha diferenza lingüística cree unha diferenciación social. Neste panorama entra en xogo a chamada Teoría da Acomodación, na que se explica que os falantes tenden a empregar unha ou outra variedade da lingua segundo o grado de semellanza social que senten coa persoa coa que están falando: “Los hablantes modifican sus pautas de comportamiento lingüístico de acuerdo con la identidad de los individuos que tienen delante” (Blas Arroyo, 2002: 4).

Este foi o motivo polo que á hora de recoller as entrevistas se optou por falar a variedade dialectal da zona e incluír os castelanismos máis empregados na comarca, para que desta forma os falantes se sentisen o máis próximos posibles á entrevistadora e a súa variedade lingüística. Tentouse que as súas actitudes de cara á variedade lingüística pola que se lles preguntase estivesen influenciadas pola presenza da entrevistadora no menor grado posible.

5.2 Actitudes e percepcións lingüísticas dos falantes raianos.

A información achegada polos nosos informantes demostra que as actitudes que teñen estes de cara á lingua son resultado da suma dunha serie de factores latentes na sociedade. Ao mesmo tempo, podemos intuír que a proximidade de linguas foi indispensable para o desenvolvemento das relacións persoais. Estableceuse deste xeito un forte pacto entre as dúas nocións que pode ser explicado como unha estrutura circular. Era necesaria a existencia dunha lingua ou unha variedade lingüística entendida por todos para que as relacións persoais prosperasen, e ao mesmo tempo, a prosperidade das relacións persoais e a unión entre o pobo portugués e galego condicionou as actitudes e percepcións lingüísticas destes.

Para o contrabando ou calquera tipo de negocio entre os veciños raianos era necesario falar unha lingua común que permitise aos falantes ter conversacións fluídas nas que non houbera ningún tipo de problemas de entendemento. Ter unha comunicación verbal efectiva favorecía os matrimonios mixtos, os amoríos ou as relacións de amizade. Todas as relacións da comunidade galego portuguesa non serían posibles de non ser pola proximidade entre as dúas linguas.

Eu o portugués seino (...) Porque lle fun alí co pescado (Vidiferre, Oímbra).

A primeira percepción dos nosos falantes foi o parecido existente entre ambas as linguas, todos coinciden na proximidade entre o galego e o portugués. Ao analizar toda a información recollida descubrimos que é unha tendencia xeral de todos os falantes das aldeas raianas nas que se centrou o noso estudo. Todos os veciños entrevistados afirmaron que non existía a fronteira social e que galegos e portugueses da zona formaban unha comunidade lingüística única. Tanto dun lado da fronteira como do outro, as respostas foron as mesmas e incluso atopamos incluso afirmacións do tipo “aquí na raia todos falamos igual”.

Esto es lo mismo, tanto de aquí como de allí se habla lo mismo (Xixirei, Chaves).

A presenza da fronteira favoreceu a aparición dalgunhas actividades e relacións entre galegos e portugueses que non se non serían posibles noutros puntos do país. Cando nun primeiro momento, nas entrevistas os falantes afirman que o galego é o portugués da raia son a mesma lingua ou está moi próxima pretenden reforzar a súa identidade como unha comunidade única e diferenciada das outras.

O galego é a minha fala Escápanseme muitas palabras da Galiza (Vilarverde da Raia).

Ahora son dous pueblos xuntos, parecen españoles... todo un pueblo (Vidiferre, Oímbra).

Comprobamos, deste xeito, que as actitudes de cara a unha lingua están moi influenciadas por as relacións que temos cos outros falantes. Os veciños raianos defenderon unha cultura común. Non fixeron distincións notables entre as dúas comunidades, senón que afirmaron nas súas respostas que se ven como iguais. Todo este clima social é

precisamente o factor decisivo que lles permitiu afirmar acto seguido que o galego e o portugués son linguas moi próximas e totalmente comprensibles mutuamente:

O portugués que aquí falamos é o portugués antigo e o galego é tamén portugués antigo (Vilar de Perdizes, Montalegre).

Falamos mezclado, un pouco de mezclado (Xixirei, Chaves).

Aquí estamos na fronteira, pero despois a pronuncia pois cambia (Xixirei, Chaves).

Há mutos, mutos, muitas palabras que... bah,nós aquí falamos...bah chapurreao (Xixirei, Chaves).

Ai si si entendoio ben, igual ca aquí unhes cos outros (A Xironda, Cualedro).

Pra un lado e pró outro é a mesma coisa, nós aquí falamos un bocado galego, temos muitas palabras, en pronuncia e muitas palabras são galegas. Mas eu não sei distinguir porque pa mim são portuguesas porque as aprendí assim (Soutelinho da Raia, Chaves).

O portugués llo galego é unha mestura así....moi parecida (Feces de Abaixo, Verín).

Nós aquí falamos galego, un pouco de galego (Vilar de Perdizes, Montalegre).

Como se explicou no apartado “3. Metodoloxía” deste traballo, as entrevistas estaban divididas en dous bloques principais, o primeiro no cal se intentou indagar sobre as relacións establecidas entre os veciños e o segundo no que se lles preguntaba nocións sobre a lingua. A estrutura e a orde das preguntas obedece a unha lóxica. É posible que, de comezar a conversa cos nosos falantes con cuestións de lingua, as respostas recibidas fosen máis diversas e moitos dos informantes afirmarían directamente que o galego e o portugués non son a mesma lingua nin que tampouco se parecen. Optouse polo tanto por preguntar primeiro polas relacións sociais para que o falante crease un contexto social previo. Os veciños en seguida se esqueceron de que estaban sendo gravados e comezaban a falar e a contarnos vivencias persoais. Todas estas historias conducían a unha meta común, a existencia dunha comunidade galego-portuguesa que cooperaba e convivía nun mesmo territorio. Os falantes empezaban a contar todas as cousas que os unía co país veciño e polo tanto cando se lle empezaban a facer cuestións sobre a lingua era pouco esperable que nos dixeran que non tiñan nada que ver.

As respostas mudaron cando intentamos indagar no tema, ao preguntarlle aos falantes que aspectos permitían falar de linguas case idénticas, estes empezaron a facer

declaracións que contradicían o que acababan de dicir. Puxeron en manifesto que galego e portugués se parecen nalgunhas cousas pero que tampouco son tan semellantes como se pode pensar.

(E: Na raia enténdese todo?) Todo, todo. O portugués é case parecido co galego, hai cousas, hai cousas partidas (Vidiferre, Oímbra).

(E: Tu pensas que é moi diferente o portugués do galego?) Chégalle ben (Vidiferre, Oímbra).

Cando a conversación avanzou e os falantes deixaron nun segundo plano outros aspectos como o contrabando, os casamentos ou as festas, a importancia centrouse na lingua. Foi nese momento cando os entrevistados empezaron a afirmar que son moitas as cousas que separan o galego e o portugués. Neste punto da conversa desapareceron as xa afirmacións do tipo: “galego e portugués son a mesma lingua.”

O portugués deles é igual co galego... Non é igual, ten algo de diferente pero pa entendernos nós é o mesmo (A Xironda, Cualedro).

Nestas contradicións está latente o concepto de identidade. No caso das aldeas raianas debemos ter en conta dous factores decisivos. Por unha banda a proximidade e a convivencia de galegos e portugueses nun territorio común, xeran unha sensación de afastamento e diferenza con respecto a aquelas outras aldeas que non son raianas e nas que a forma de vida era outra. Por outro lado, os veciños da zona son conscientes de que galegos e portugueses son dúas nacionalidades distintas e pertencentes a países diferentes. Todos son da raia e iso fainos exclusivos, pero a raia está habitada por dúas comunidades: galegos e portugueses. Nestas afirmacións ten unha gran importancia a ideoloxía nacionalista transmitida polos estados a través dos medios de comunicación, a escola, o exército... A sociedade ensina aos habitantes dun país ou territorio a considerarse diferentes e exclusivos fronte ás demais nacionalidades e culturas.

Os entrevistados viven en territorio galego ou en territorio portugués e están sometidos ás leis do seu país, que os etiqueta baixo unha das dúas nacionalidades. Pola contra, as vivencias da fronteira e os intercambios culturais fan que os habitantes deste territorio sexan conscientes de que a súa forma de vida e a súa cultura é exclusiva da zona, que foi a través da propia fronteira como se estableceu unha identidade común que os diferencia do resto de Galicia ou do resto de Portugal.

Enténdense perfectamente (as linguas raianas) pero si vas máis cara alá cara o centro xa non se entende tanto (Vidiferre, Oímbra).

Na raia convivemos juntos, o galego é quasi português e o português é galego, o noso português é quasi galego. Pontevedra e palá é um galego mais diferente (Vilar de Perdizes, Montalegre).

A fronteira xoga un papel múltiple. Indiscutiblemente foi a orixe da creación dunha cultura e dunha identidade de fronteira allea aos demais territorios, pero ao mesmo tempo, a fronteira estableceu que veciños eran portugueses e que veciños eran galegos, dotándoos dunha forte ideoloxía nacionalista.

Eu si ven un portugués aquí fállolle galego, estou na miña patria. Si vou alí fállolle portugués (Vidiferre, Oímbra).

Iles, os portugueses, aquí raiando, entenden o noso gallego (Vidiferre, Oímbra).

Si vou a Galiza.. Aquí falo portugués, entenden tudo (Soutelinho da Raia, Chaves).

O mesmo sucedeu coa lingua. A fronteira permitiu a creación dunha variedade lingüística común e entendida en todo o territorio, pero ao mesmo tempo a propia raia separaba na mentalidade dos falantes o que era galego e o que era portugués.

Despois de presentar todos os factores que operan no territorio é máis fácil entender porque os nosos falantes cometeron este tipo de contradicións. Por unha parte querían afirmarse como un territorio único e distinto ás demais aldeas non raianas, pero inmediatamente reafirmáronse como nacionalidades diferentes.

Para entender todo isto mellor, debemos prestar atención aos comentarios feitos polos nosos entrevistados no que a outras variedades dialectais da súa propia lingua se refire. Tanto galegos como portugueses nos dixeron que non en todas partes do seu país se fala igual e que cada territorio ten unha maneira de falar característica. Foi neste punto onde entrou en xogo a importancia da comunidade galego-portuguesa raiana como comunidade falante. Todos diferenciaron a súa variedade lingüística doutras que se poden atopar no seu país a través da influencia xerada pola lingua veciña. Os falantes afirmaron que no territorio non se fala nin galego nin portugués, senón unha combinación de ambas as dúas linguas. Esta mestura é exclusiva da zona e isto permítelles diferenciarse doutras zonas dialectais do seu país.

Hai portugués que nuns pueblos falan dunha maneira e noutros doutra, como aquí o gallego. O gallego en Pontevedra é duha maneira aquí doutra. Aquí como é raiano , raiando con Chaves xa case vai unha cousa... moi parecida (Vidiferre, Oímbra).

Istes daiquí (referíndose aos portugueses da raia) son como un veciño máis. Os de Lisboa e pá alá hasta falaran outro idioma, pero estes de por aquí si (Vidiferre, Oímbra).

Os de Soutichao não falam galego como... como os da Coruña nin outros lados (Xixirei, Chaves).

Eu estiven en Lugho facendo a mili e... os paus dos carros chámalle fungueiros, i-aiquí chámanse estadullos (A Xironda, Cualedro).

Enténdense ben (os portugueses) a non ser que veñan do Algarve ou palí que esos son máis difíciles de entender (Feces de Abaixo, Verín).

Nós non falamos todos iguais e somos galegos (Feces de Abaixo, Verín).

O que se fala aquí é diferente do resto de Portugal, e como vocês co centro da Espanha. Nós no resto da Espanha não percebemos o que nos dizem, mas aquí na Galicia percebemos [...] só aqui na zona da raia, no resto já não percebemos, até Vigo e por aí sim mas logo já não (Soutelinho da Raia, Chaves).

Para mim o português mais bonito é o de Coimbra, é o verdadeiro Português [...] nos falamos metade galego (Soutelinho da Raia, Chaves).

Eu si vou pá Lisboa não me entenden (Vilarverde da Raia).

A nossa lingua é um subdialecto do galego. O galego tem varias linguas não é? O galego de Lugo ou Pontevedra não é igual que o de Orense (Vilar de Perdizes, Montalegre).

Eu falo mais como em Orense que em Lisboa. A minha fala esta mais perto cos de Ourense que cos de Lisboa (Vilar de Perdizes, Montalegre).

Dalgunha forma, galegos e portugueses da raia identifícanse como un grupo común cando se comparan cos “outros”. A través das entrevistas, comprobamos que son aqueles puntos do territorio non raiano os que os nosos falantes identifican como os “outros” fronte a unha identidade propia sustentada no contacto co país veciño. Ao mesmo tempo, este grupo galego-portugués soamente opera cando hai que comparar a súa fala ou a forma de vida coa dos demais galegos e portugueses. Cando non se

establece ningunha comparación con outros territorios, os falantes raianos desvincúlanse dese grupo fronteirizo para diferenciarse entre eles: galegos por un lado e portugueses por outro, todos conviven no mesmo territorio pero non son o mesmo.

Para o establecemento desta distinción non entran en xogo soamente factores lingüísticos, senón que os falantes apuntan outras diferenzas como a forma de vestir ou a arquitectura das casas. É neste momento da conversación cando afloran tamén as diferenzas lingüísticas percibidas polos falantes. Aínda que minutos antes afirmaron falar case galego ou case portugués, cando se contraponen as dúas nacionalidades sen ter en conta outros veciños ou áreas lingüísticas do país é o momento no que tanto galegos como portugueses defenden unha fala distinta.

O portugués da raia cambia moito (do galego) o idioma é doutra maneira (Vidiferre, Oímbra).

Vai a um mercado se há espanhóis e portugueses, não é preciso ouvi-los falar, pelo vestido já se conhecem. Tem que haber diferenças somos de diferente nação, não é? Há diferença da pronúncia, tem que haber (Vilar de Perdizes, Montalegre).

5.3 A percepción das semellenzas e diferencias lingüísticas

Unha vez que os nosos entrevistados afirmaron que o galego e o portugués son linguas distintas, comezaron a aflorar as primeiras diferenzas percibidas por estes. Podemos clasificar as diferenzas destacadas por os falantes en dous grupos: diferenzas léxicas e diferenzas fonéticas.

As diferenzas léxicas entre as linguas é un tema ao que se lle empezou a prestar atención na década dos 70. É coñecido que hai continuidade léxica a través da fronteira (Álvarez Pérez, 2010: 57-88). Como moi ben dixeron os nosos entrevistados, galego e portugués son dúas linguas próximas pero diferentes polo que algúns cambios de léxico entre unha e a outra non serán estraños. Sen embargo, as diferenzas léxicas son moi poucas e máis se pensamos nunha zona de fronteira como é a do noso estudo, na que os contactos lingüísticos entre falantes de ambas nacionalidades son constantes e o grado de entendemento entre ambos é total. Este é o motivo polo que as diferenzas léxicas chaman tanto á atención. Ao compartir tal cantidade de léxico é normal que o primeiro que chame a atención dos falantes sexan aquelas palabras que non son compartidas por galegos e portugueses da raia e que sexan exclusivas dun ou outro lado.

O que eles en vez de decir patatas dicen batatas e outras cousas. Todo é contrario (Vidiferre, Oímbra).

Entendo todo (do galego) aunque me río con muchas palabras, le encuentro mucha gracia (Xixirei, Chaves).

Quando vexo o de: fuche, fuche.. así coisas que te dá a risa (Xixirei, Chaves).

Eu gosto muito da fala galega, osea aquí a televisión galega non tenho pero sempre a via. Pero há palabras que te dá a risa. Aí en Verín há palabras que te dá a risa, que eu digo: pero qué? Fuche! Nos decimos fomos, fostes, fomos... non fuches (Xixirei, Chaves).

Eles din: gracias. E que din palabras que... que... Pois gracias, obrigado (Xixirei, Chaves).

O que eu vi, que no portugués há muchas, muchas, muchas (palabras) iguais que no castelhano e no galego tamén (Xixirei, Chaves).

Por exemplo, nos aquí dizemos muito tonto, eres tonto. Tonto non é português é espanhol [...] Esa (palabra) nos aplicámos-la e há persoas aquí en Portugal que nos procuram o que quer dizer (Soutelinho da Raia, Chaves).

Tamén atopamos entre as entrevistas exemplos citados polos nosos falantes nos que remarcan algunha palabra do léxico non para introducir unha diferenza entre as dúas linguas, senón para aproximar o galego é o portugués da zona fronte a outras variedades dialectais. Entra de novo en xogo todo o explicado anteriormente: nós os raianos somos diferentes aos “outros”, pero nós non somos todos galegos nin todos portugueses, convivimos ambos.

Aquí por exemplo dizemos: ai! Os castinheiros das patatas. Para te por um exemplo. Tenho unha cunhada en Vila Real que não sabia o que era [...] Em Galicia tamén se chama o castinheiro da patata (Xixirei, Chaves).

Eu sáleme mellor o portugués que o castellano. Prefiero falar o portugués co castelán. O castelán non me sale (Feces de Abaixo, Verín).

Nós também falamos un bocado galego, temos muitas palabras galegas (Soutelinho da Raia, Chaves).

Os galegos falam igual que eu [...] Aquí é tudo caralho, caralho, caralho como na Galiza (Vilarverde da Raia).

Nós dizemos auga e os outros portugueses dizem agua, agua dise em Lisboa e nós dizemos auga como na Galiza... (Vilar de Perdizes, Montalegre).

O outro grupo no que podemos enmarcar as diferenzas percibidas polos falantes é aquel que fai referencia aos cambios de tipo fonético. Neste caso os entrevistados achegan exemplos moi pouco precisos. Tentan imitar algúns fonemas que segundo a súa percepción son distintos pero non o fan dun xeito nítido. Todos afirman que a forma de falar entre galegos e portugueses non é a mesma, que soamente pola entoación duns e outros xa se sabe a que país pertence. Fóra deste tipo de declaracións ninguén puido afondar no tema dando a relucir algún dato que permitise entender con exactitude que tipo de diferenzas fonéticas existen entre ambas linguas, aínda que unha das características que máis parece ser percibida é a do sistema de sibilantes.

A fala portuguesa nótase moito, moi pronto da outra. Solo falen xa os conoces (Vidiferre, Oímbra).

Nós por exemplo dizemos Sisirei e eles Xixirei (Xixirei, Chaves).

Aquí en Portugal pronúnciase muito a –s, por exemplo “aseite”, a seta, a seta (Xixirei, Chaves).

Hai xente daiquí que fala o portugués bastante cerrado, como os daiquí da fronteira, os de máis adiante xa non (A Xironda, Cualedro).

Há cousas distintas (entre galego e portugués) é a pronuncia e tudo (Soutelinho da Raia, Chaves).

Há palabras aqui ben vulgares que pasará a vida e a gente não as sabe. Aceite, nos não dizemos aceite é aseite. Nesso diferenciase a nossa pronúncia. Nos dicimos Lhironda vocês dizem Xironda (Vilar de Perdizes, Montalegre).

Hai que resaltar tamén outro tipo de actitudes dos falantes de cara á lingua. Entre os nosos entrevistados atopamos múltiples exemplos de afirmacións nas que estes aseguran que o galego ou o portugués que falan non é o correcto, que a súa variedade está contaminada pola lingua veciña e incluso consideran que o que falan non é “galego galego” ou non é “galego orixinal”. Por outro lado, cando se trata de comparar a súa variedade lingüística coa dos veciños a actitude é boa. Aínda que afirmaron que a súa

forma de falar non é pura nin correcta, todos coinciden dicindo que a súa fala é máis bonita e agradable que as outras.

Falan mellor os españoles, os portugueses son moi zarapecos (rise e imita uns ruídos en ton agudo do tipo: ñi ñi ñi, como arremedando a súa fala) (Vidiferre, Oímbra).

É lóxico pensar que neste tipo de afirmacións escóndense numerosos prexuízos. Por unha banda, hai que falar daqueles prexuízos que están instaurados na propia lingua, considerando o dialecto propio como inválido ou de menor calidade fronte a outros bloques lingüísticos do país. Entre os falantes galegos raianos existe a percepción de que o galego mellor falado é o das cidades, ás que nos remiten constantemente para comparar a súa lingua. Os portugueses, por outro lado, recoñecen como a variedade máis correcta do portugués a da metade sur do país, sendo especialmente nomeadas as falas de Lisboa e Coímbra. É moi posible que detrás destas identificacións este latente a crenza de que a lingua das cidades é máis pura e elegante que a lingua do entorno máis rural e de que a lingua estándar é a única variedade correcta.

Nós falamos mal, o noso português não é o português... O português português é falado em Lisboa (Vilar de Perdizes, Montalegre).

E mais bonito o português mais pá baixo, aqui solo sabem falar caralho, caralho... não sabem falar o idioma, não sabem (Vilarverde da Raia).

Os das cidades falam mais castelán que galego, os fillos deles têm vergonha de falar galego. Os curas não dam a missa em galego, dana em castelhano, os doutores, os maestros falan o castelhano (Vilar de Perdizes, Montalegre).

Aquí falamos coma nós, pero alá falan outro idioma así máis distinto [...] aquel é o propio ghalegho [...]pa Pontevedra e pa Coruña e por aí (Resoxende, Vilardevós).

6. As aldeas non raianas

Como se explicou anteriormente, raianos galegos e portugueses identifícanse como unha única comunidade cando se comparan con outras aldeas raianas. Xa vimos as consideracións que teñen sobre si mesmos, pero debemos preguntarnos cal é a visión que teñen destes territorios as demais aldeas que non son fronteirizas. Para este apartado do traballo decidiuse incluír as entrevistas feitas en Moialde e Resoxende, dúas aldeas do concello de Vilardevós próximas á fronteira pero que non limitan con terras portuguesas por ningún lado.

En primeiro lugar, quixemos comprobar cales eran as relacións establecidas entre estes territorios e o país veciño. O contrabando seguía a ser un negocio importante nestas aldeas mais a intensidade e a cantidade de veciños que se dedicaba ao mercado negro non era tan alta. Para aqueles que gañaban a vida deste xeito, o modo de operar non era o mesmo. Os veciños destes territorios non precisaban ter ningún contacto cos portugueses nin ter unha persoa da súa confianza ao outro lado. Quen se dedicaba ao contrabando nestas zonas un pouco máis afastadas da fronteira, debían ir ata a aldea galega máis próxima á raia e alí cargar a mercancía para levala a outros puntos da comarca. Deste xeito, o contacto cos portugueses soamente era preciso na primeira fase do contrabando, as aldeas raianas cooperaban para pasar os produtos dun lado ao outro e unha vez en territorio nacional eran outros veciños de aldeas próximas os que se encargaban de espállalo. A relación destes veciños cos portugueses non era necesaria, eles non pasaban a fronteira senón que repartían o que xa fora traído ao país.

Eu non iba a Portugal, o contrabando iba xa a Arzoá (aldea raina con Portugal) e despois de Arzoá tiñamos que pasalo todo por aí, ó Riós (Moialde, Vilardevós).

Eles (os portugueses) non viñan a Moialde (Moialde, Vilardevós).

Do mesmo xeito que as relacións entre galegos e portugueses nesta zona eran practicamente nulas, a comunicación entre ambos semellaba que tamén o era. A falta de contacto parece estar relacionada coa presenza de prexuízos contrariamente ao que sucedía nas aldeas raianas. A imaxe dos veciños non raianos sobre os portugueses non é nada boa e desvincúlanse de todo parecido ou relación que se lle poida atribuír cos habitantes do outro país.

Eu non entendo nada de portugués, eles son malos [...] porque son rabudos (Moialde, Vilardevós).

Aquí na raia os portugueses enténdense mellor con nós que con eles (portugueses de Lisboa e outras zonas) [...] Bueno, eu non os entendo, que vaian pá cona que os pariu! (Moialde, Vilardevós).

(E: A ti gústanche os portugueses?) Bueno... millor ghuardaios nun bolsillo[...] Eu tuven unha pelea cun portugués, agora que me acordo [...] Collín unha botella e... Paaas! [...] non sei como non o matei, caeu redondo ó suelo (Moialde, Vilardevós).

(E:Tiveches algún amigo portugués?) Nunca (Resoxende, Vilardevós).

Eu non lle falaba (aos portugueses) porque non os entendía (Moialde, Vilardevós).

Estas actitudes negativas de cara aos portugueses serán complementarias xuntos coas actitudes de cara á lingua. Os veciños non raianos alegan que a súa fala non ten nada que ver co portugués. Son conscientes de que non falan do mesmo xeito que noutras zonas de Galicia pero tamén afirman diferenciarse dos falantes raianos.

Non se parece (o galego e o portugués), é diferente (Resoxende, Vilardevós).

Nós de portugués non falamos nada (Resoxende, Vilardevós).

(E: Cres que estar tan pegados pode influír na vosa maneira de falar?) No, eso si que no (Resoxende, Vilardevós).

(E: Cres que o galego e o portugués non se parecen en nada?) O meu parecer non (Moialde, Vilardevós).

Amin ghústame máis o ghalegho ca cousa ningunha porque son ghalegho [...] o portugués non me ghusta nada, ten a palabra moi bruta (Moialde, Vilardevós).

Segundo os veciños non raianos, os falantes da fronteira teñen unha lingua moi parecida e influenciada por aspectos típicos do portugués. Do mesmo xeito que entre estes falantes non fronteirizos existen unha gran cantidade de prexuízos de cara aos portugueses e a súa lingua, terán a mesma actitude cando se lles pregunte pola lingua das aldeas raianas, que definiran a través de aspectos negativos, sempre xustificadas pola súa aproximación co portugués. Estas enquisas demostran que os territorios non fronteirizos identifican ás aldeas raianas como poboacións diferentes ao resto e moi vinculadas a Portugal.

Os pueblos de Arzádegos e Arzoá entendíanse porque estaban na raia (Moialde, Vilardevós).

Os da raia falan casi o portugués, e os portugueses casi que falan o galego (Moialde, Vilardevós).

Teñen unha palabra... como os de Soutocovo... teñen unha palabra máis distinta, máis pesada. Non sabes? Hai quen dice : ai! Que ben fala! Pero ises xa teñen a palabra distinta, máis ghorda ca nós [...] Eses dicen: boa tarde! E boa tarde tamén se dice en portugués (Moialde, Vilardevós).

Os da raia saben mellor o portugués que o español porque están [...] como están raiado con Portugal falan tamén o portugués (Moialde, Vilardevós).

Eu falo diferente a eles (aldeas raianas)... xa conocen máis ben o.. o bruto do portugués, as palabras de Portugal (Moialde, Vilardevós).

Por momentos os nosos entrevistados non raianos caeron nalgunha contradición afirmando que o portugués da raia é parecido ao galego e que o entenden sen problema ningún. Recoñecen, ao mesmo tempo, que non serían quen de entender o portugués do sur do país. Nestas afirmacións hai algún tipo de conciencia lingüística latente. Aínda que estes falantes se queren afastar o máximo posible dos portugueses e da súa fala, intúen, quizais sen ser conscientes, que entre o galego e o portugués da zona non existen tantas diferenzas como nun principio intentaron afirmar.

Nunca tuven problemas pa entender a un portugués [...] pa Lisboa e paí xa tería máis problemas porque falan doutra maneira. Alí falano máis cerrado (Resoxende, Vilardevós).

O portugués parécese máis o galego desta zona que o da Coruña... Máis pa abaixo falan distinto (Resoxende, Vilardevós).

(E: A túa fala é máis parecida a das aldeas que están na raia ou a de Ourense?) A de Orense [...] Bueno a ver, nós non sabemos falar directamente o ghalegho (Moialde, Vilardevós).

Esta claro que na zona estudada existen unhas percepcións comúns compartidas tanto por parte dos raianos como por parte daqueles veciños que non o son. Os raianos son alcumados polos demais como galegos (se son portugueses) e como portugueses (se son galegos).

Aqui los de Chaves e os de Vila Real chamam-nos galegos, por falar.... por falar como... Porque aqui practicamente fálase pachurreado ese. Nin português nin galego... E os de Soutichao igual (Xixirei, Chaves).

A nós em Lisboa e noutros sitios chamam-nos galegos, espanholes, espanholes! (Xixirei, Chaves).

Eu vou a Chaves e parece-me a mi que estou falando el português e dícen-me: é usté espanhola? (Xixirei, Chaves).

Os daiquí os da fronteira, pensam os outros, que somos espanholes (Xixirei, Chaves).

As aldeas non raianas buscan diferenciarse destes veciños a través dese tipo de afirmacións, todas elas xustificadas mediante as relacións a ambos lados da fronteira. O mesmo pretexto será empregado polos veciños da raia para identificarse como distintos ás demais aldeas. Sen embargo, a pesar de ser conscientes de que crean unha comunidade única en conxunto, non queren perder a súa identidade como galegos ou portugueses fronte aos seus compañeiros. Non negan a existencia dunha cultura de fronteira pero en ningún momento esquecen que esa fronteira separa dous países diferentes.

(E: En Verín din que sodes case portugueses.) Esa fama tuvémola siempre pero non é certo eh. Tu notáchesme algo que falara como os portugueses? (Feces de Abaixo, Verín).

7. Actualidade: morte da cultura de fronteira.

A cultura de fronteira é un tesouro que debe ser conservado. Unha gran cantidade de veciños da comarca de Verín foron criados no clima fronteirizo que foi explicado neste traballo. Medraron nun ambiente social no que os contactos coa comunidade veciña eran constantes, a pesar de que nesas cruzar a fronteira non era unha tarefa fácil. O territorio non era tan libre como o é hoxe en día, ao pasaren cara ao outro lado expúñanse a ser rexistrados ou multados polos controis da garda establecidos na fronteira. Isto non foi un impedimento para que a cultura de fronteira prosperase entre ambos países. A fronteira era unicamente unha barreira física pero non afectiva, cultural nin lingüística. Sen dúbida a raia galego-portuguesa foi durante décadas un territorio con intercambios e enriquecementos culturais constantes, mais actualmente todo isto parece estarse a perder.

Hoxe en día a situación inverteuse. A fronteira xa non funciona como unha barreira física e o fluxo de persoas e mercadorías é constante. Galegos e portugueses da zona acoden ao país veciño con regularidade. Sen embargo a fronteira parece actuar coma unha forte barreira ideolóxica, e as relacións persoais e o contacto humano entre galegos e portugueses desapareceron.

Entra aquí en xogo a visión das novas xeracións, entre as que, como nativa de Verín, debo incluír a miña xunto coa gravación de Marta (A Caridade), unha moza de 22 anos que explica o seu contacto con Portugal.

Os fin de semanas vamos moitas veces... Vou ca miña mai ou ca miña tía ás tiendas, a comprar roupa ou a comprar ó supermercado tamén (A Caridade, Monterrei).

As visitas dos galegos a Chaves son continuas do mesmo xeito que o son a dos portugueses a Verín. As actividades principais que motivan estes desprazamentos son as relacionadas coas compras e co ocio. É lóxico pensar que nun contexto no que o espazo de entretemento é compartido pola xuventude de ambas nacionalidades, mozos galegos e portugueses manteñan relacións afectivas e comunicacións constantes (Kavanagh, 2011:42). Mais isto non acontece. É pouco probable atopar grupos de amigos con membros dos dous países. O mesmo sucede nas relacións amorosas porque que cada vez son menos os que teñen un amorío do outro lado da raia. O escaso contacto entre mozos de ambos os países é un dos condicionantes que cada vez afastan máis ao galego

e ao portugués da zona. Isto acentuarase coa escolarización e o ensino dunha lingua estándar.

A raia xa non é un factor que unifique a galegos e portugueses. A pesar de que agora a fronteira non existe, as formas de vida mudaron, as aldeas están a sufrir un proceso de despoboamento que arrastra consigo un abandono do rural. Ao desaparecer o mercado negro e ao diminuír o sector primario, os contactos entre galegos e portugueses das aldeas raianas son cada vez máis escasos. A poboación máis nova habita masivamente nos núcleos máis urbanos e grandes, neste caso as vilas de Verín e Chaves. Verín e Chaves son dous territorios próximos á fronteira pero non limitan directamente con terras do país veciño. Todos estes factores contribúen sen dúbida á morte da cultura de fronteira (Kavanagh, 2011:41).

Os veciños decátanse desta realidade e parece existir entre eles unha certa nostalxia por ese pasado común entre galegos e portugueses. Naceron deste xeito unha serie de proxectos que pretenden deter esa morte cultural e preservar a historia antes de que a súa desaparición sexa total xunto coa morte das xeracións máis vellas da contorna: aqueles habitantes que viviron nos anos de máxima actividade fronteiriza.

Neste sentido, o concello de Vilardevós levou a cabo unha iniciativa para o mantemento desta memoria histórica, restaurando e abrindo a grupos de turistas as antigas rutas do contrabando. Ademais, en 2007, o alcalde de Vilardevós inaugurou o chamado Centro de Interpretación do Contrabando, un pequeno museo que ten como misión non deixar no esquecemento este pasado. Enviou invitacións para visitar o museo a todos os colexios de Ourense, coa pretensión de dar a coñecer ao resto de Galicia esa parte da historia galega que noutros zonas do país se descoñecen totalmente.

Xurdiron tamén outras iniciativas por man dos propios veciños da comarca como o documental A Memoria da Raia. Un proxecto levado a cabo por tres mozas verinesas que tentaron recoller esta realidade perdida. Ao comezo, o proxecto tiña unhas ambicións máis humildes, sen embargo, ante a boa acollida que tivo no territorio (a ambos lados da fronteira), as múltiples proxeccións feitas e as dotacións económicas outorgadas polos concellos da zona, decidiron ampliar os horizontes da súa investigación. Actualmente están a traballar na publicación dunha revista que reúna todos os materiais recollidos para a elaboración do documental. Tivemos a oportunidade

de falar con unha das súas directoras, recollendo a conversa nunha das gravacións que forman parte do corpus deste traballo e que ten por título A Memoria da Raia.

Nalgunhas aldeas raianas, nos meses de verán fanse as coñecidas como “Festas do Contrabando”. Nestas celebracións galegos e portugueses agrúpanse para facer unha recreación dunha escena típica dos tempos do contrabando (Kavanagh, 2011:43). Dalgún xeito ese pasado continúa a estar presente na actualidade. Os netos daqueles antigos contrabandistas seguen a ter un sentimento de unión coa comunidade veciña e son os protagonistas nestas festas. Aínda que agora as relacións cambiaron moito e é pouco usual que os rapaces galegos e portugueses establezan amizades, cooperan xuntos para manter latente esa memoria e non deixar no esquecemento o pasado común que durante séculos uniu aos seus avós. Natalia, unha rapaza de 22 anos do Rabal (Oímbra) contounos en que consiste esa coñecida “Festa do contrabando”:

Bueno pois, xúntanse os do pueblo do Rabal cos de Vilarelho e pois algunhes fan de guardiñas, outros van de... na parte española fan de Guardia Civiles e logo pois fan dos contrabandistas. E fan fardos... todos envoltos , que o millor, sabes? O millor non son nada pero todos envoltos con cintas e con telas e con tal e cual e... De noite pois os guardiñas están nunha posición, os guardias tamén están noutras posicións tal, como pa facer a ronda ou escondidos por aí tal, e... Eles fan a ruta, os contrabandistas fan a ruta do contrabando que había antiguamente. Entonces a función dos guardias e da guardia civil.. dos guardiñas e da guardia civil é... claro, collelos cos fardos pa detelos. E nada, pégase unhos tiros o aire e tal, e ves como se tiran eles o chao ó mellor desde lexos... Ó mellor, sabes? Desde 300 metros ou así, alúmbralos de noite, alúmbralos cunha linterna e tíranse ó chao, escondéndose, os contrabandistas, pa que non os collas cos fardos e tal, pa que non os vexas entre as herbas e así. E despois o terminar pois xuntámonos todos en Vilarelho e... e faise unha cena, as dúas da mañá ou así, unha cena na casa do pueblo.

Por outra banda, algunhas tentativas por parte do Goberno central para protexer a cultura de fronteira, como a creación das chamadas Eurociudades, non parecen deter esta morte cultural. Quizais a solución non sexa intentar recuperar o pasado, senón crear unha nova cultura de fronteira, baseada noutro tipo de colaboracións e de contacto entre ambas comunidades.

Non sabemos o que pasará nun futuro pero si é certo que, de momento, temos a posibilidade de recoller e dar a coñecer ao resto do mundo os testemuños que falan desa realidade da que todos os verineses formamos parte e á que parece que non imos volver.Estamos a presenciar, sen dúbida ningunha, a morte da cultura de fronteira.

8. Conclusións

Despois da análise de todos os datos obtidos a través das entrevistas, a hipótese de partida coa que se iniciou este traballo queda confirmada. As percepcións e actitudes lingüísticas das aldeas raianas son o reflexo das relacións que durante séculos uniron ás dúas comunidades. O estilo de vida estivo fortemente marcado pola presenza da raia e a aproximación lingüística entre o galego e o portugués acentuouse cos contactos constantes entre os dous pobos.

O obxectivo central deste traballo era demostrar que as actitudes e percepcións lingüísticas dos veciños da fronteira son un reflexo das relacións mantidas entre si. Os nosos falantes recrearon, a través do seu testemuño, un determinado contexto social acorde coas actitudes lingüísticas mostradas. As zonas nas que houbo un contacto intenso entre galegos e portugueses son espazos nos que ambas as comunidades se visualizan entre si como semellantes e conxuntas, con linguas moi próximas e totalmente comprensibles.

Sen embargo, os datos obtidos a través dos falantes non foron os esperados nun primeiro momento. Este proxecto iniciouse pensando que entre veciños da raia, a pesar de ter un pasado común, as valoracións sobre o país veciño non serían tan boas, mais os resultados do noso traballo mostraron unha realidade diferente. As testemuñas demostraron que tanto galegos como portugueses séntense membros dunha cultura de fronteira na que as relacións entre os membros de ambos países, en xeral, foron boas e sen prexuízos. Foi en terras non limítrofes onde nos atopamos cunha gran cantidade de prexuízos e cunhas valoracións negativas sobre a comunidade veciña.

Tal e como se adiantou na introdución, como punto de partida tomouse o traballo de Irene Santos e Soraya Suárez (2014). O seu traballo estivo centrado exclusivamente no lado galego. Recolleron entrevistas en máis lugares da fronteira galego-portuguesa pero en ningún momento recolleron testemuños do lado portugués. Pola contra, para a realización do meu traballo decidiuse reducir os puntos seleccionados do territorio galego, limitándoos aos concellos limítrofes da comarca de Verín, pero fixéronse gravacións tamén do lado portugués. Coa recollida de información en ambos os lados tentouse facer unha análise contrastiva, é dicir, a novidade deste traballo residiu en

incluír ao lado portugués como obxecto de estudo e valorar se os datos obtidos entre os veciños de ambas comunidades poden explicarse a través dun “efecto espello”.

Por outra banda, neste estudo diferenciouse entre aldeas raianas e aldeas non raianas. O traballo de Irene Santos e Soraya Suárez (2014) non fixo esta distinción pero si que apuntou que son os falantes dos territorios non raianos os que intentan desvincularse completamente de calquera asociación que se lles poida facer co lado portugués. Ao mesmo tempo, estes veciños inclúen ás aldeas raianas dentro no mesmo grupo no que inclúen aos portugueses e dos que se afastan totalmente considerándoos como “os outros”. Xustifícanse afirmando que a lingua dos veciños raianos é case igual ao portugués. No seu estudo, Irene Santos e Soraya Suárez (2014) tamén fan referencia ás contradicións coas que se atoparon. Por momentos, os seus falantes máis achegados á fronteira afirmaron que na zona, galegos e portugueses afirmaban que falaban igual, pero en seguida se desvinculaban desa afirmación aludindo o galego e o portugués son linguas distintas.

En xeral, as conclusións ás que chegamos neste traballo coinciden coas de Irene Santos e Soraya Suárez. Os territorios máis afastados da fronteira non senten ter ningún vínculo coa comunidade portuguesa e a súa visión sobre os veciños do outro país está chea de prexuízos. Por outro lado, nas aldeas situadas na raia o vínculo cos portugueses e maior e a súas percepcións sobre a lingua e a comunidade portuguesa son boas. Estas aldeas consideran que forman unha comunidade galego-portuguesa única e diferenciada dos demais puntos do territorio galego pero ao mesmo tempo teñen unha ideoloxía nacionalista que os fai distinguirse entre si. O meu traballo ten a particularidade de analizar tamén as actitudes e as percepcións das aldeas raianas portuguesas, chegando á conclusión de que as consideracións dos veciños portugueses sobre a comunidade galega son complementarias ás que as aldeas raianas galegas fixeron sobre eles.

En relación ao futuro, existen diversas motivacións persoais que me empuxan a seguir investigando sobre o tema. Neste traballo afondouse especialmente nas actitudes das comunidades raianas, quedando os territorios non fronteirizos tratados dun xeito máis superficial. Aplicando a mesma metodoloxía que foi aplicada neste estudo, sería de especial interese ampliar os datos e as testemuñas das aldeas non raianas e valorar as razóns de que nestas zonas exista tal cantidade de prexuízos de cara á lingua e a comunidade portuguesa. Como xa vimos, as aldeas non raianas non precisaron de

manter relacións nin negocios co pobo portugués, isto explica a súa percepción como comunidades totalmente diferenciadas e independentes, pero non explica a existencia dos prexuízos instaurados na mente destes veciños. Recollendo máis información nestas aldeas é posible que descubrísemos que factores se atopan latentes na sociedade para xerar este rexeitamento fronte aos portugueses. Ao mesmo tempo, tamén sería de gran interese, tal e como se fixo neste traballo, prestar atención a ambos lados da raia e investigar cal é a visión das aldeas non raianas portuguesas de cara aos galegos.

9. Agradecementos

Non quería pechar este traballo sen mostrar a miña gratitude por todas aquelas persoas que o fixeron posible. Primeiramente, quería das as grazas a todos os falantes das aldeas citadas, que se prestaron con moito gusto a contarme as súas experiencias e me permitiron gravalos. Especialmente quero destacar a disposición de Iris Justo, unha das directoras do documental A Memoria da Raia coa que puíden conversar durante horas e coa que fixen unha posta en común de ideas e valoracións persoais despois da realización deste traballo. Isto permitíume achegarme un pouco máis a esta cultura de fronteira tan próxima e ao mesmo tempo tan afastada de min mesma. Quero facer unha recomendación persoal para a visualización desta magnífica curtametraxe polo valor que considero que ten: unha peza audiovisual que se ten pensado levar por todos os puntos do territorio galego e portugués e que sintetiza, en pouco máis dunha hora, unha realidade tan pouco estudada e coñecida polo resto de Galicia.

Por suposto, quero agradecer aos meus pais e a miña familia todo o apoio económico e a comprensión recibida ao longo destes largos catro anos aos que hoxe poño fin con este traballo.

Por último, o meu maior recoñecemento a Xosé Luís Regueira, titor do meu traballo durante todos estes meses. Quero agradecerlle a axuda que me prestou e a paciencia coa que supervisou este estudo e sobre todo felicitalo poloseu labor na docencia, contribuíndo á creación dun sistema universitario público de calidade.

10. Bibliografía

- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2010): “*E os da banda d’alá son máis estranxeiros ca os de Madrí? Estudo contrastivo de desigacións galegas e portuguesas no campo semántico da gandaría*”, *Verba* 37: 57-88.
- Barómetro de Opinión Hispano-Luso (2009): Universidade de Salamanca <<http://webcasus.usal.es/BOHL/>> [20/06/2019]
- Barragán Gómez, Rafael Alberto (2018): *Actitudes lingüísticas de hispanohablantes colombianos hacia el español de la Península Ibérica*. Tesis de doutoramento. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Blas Arroyo, José Luís *et al.* (2002): *Estudios sobre lengua y sociedad*. Castelló de la Plana: Universitat Jaume I, D.L.
- Cairo, Heriberto / Godinho, Paula (2013): *El Tratado de Lisboa de 1864: la demarcación de la frontera y las identificaciones nacionales*. <<file:///C:/Users/Lucia/Downloads/Dialnet-ElTratadoDeLisboaDe1864-4756772.pdf>> [20/06/2019]
- Caravedo, Rocío (2014): *Percepción y variación lingüística: enfoque sociocognitivo*. Madrid : Iberoamericana ; Frankfurt am Main : Vervuert.
- García Mañá, L. M (1988): *La frontera hispano-lusa en la provincia de Ourense*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial.
- García Mañá, L.M (2000): *Couto mixto. Unha república esquecida*. Vigo: Xerais.
- Godinho, Paula (2009): “«Desde a idade de seis anos, fui muito contrabandista». O concelho de Chaves e a comarca de Verín, entre velhos quotidianos e novas modalidades emblematizantes” en Freire, Dulce / Rovisco, Eduarda / Fonseca, Inés (eds.), *Contrabando na fronteira luso-espanhola. Práticas, memórias e patrimônios*. Lisboa: Nelson Matos.
- Godinho, Paula (2009): “Entre Chaves e Verín: mediadores, fronteira útil e fronteira fútil” en Medina, Eusebio *et al.* *Fronteras, patrimonio y etnicidad en Iberoamérica*. España: Signatura Demos.
- Kavanagh, William (2011): *Identidades en la frontera luso-española: permanencias y transformaciones después de Schengen*.

<file:///C:/Users/Lucia/Downloads/kavanagh%20-%20frontera.pdf>

[12/01/2019]

- Limón López, Pedro (2009): “De día, trabajando; de noche, pasando”. El contrabando como experiencia social y como resistencia” en Freire, Dulce / Rovisco, Eduarda / Fonseca, Inés (eds.), *Contrabando na fronteira luso-espanhola. Práticas, memórias e patrimônios*. Lisboa: Nelson Matos.
- Martínez-Risco, Daviña (2004): “Repensando en o Cambedo” en Asociación Amigo (ed.): *O Cambedo da Raia, 1946 : solidariedade galego-portuguesa silenciada*. Ourense : Asociación Amigos da República, D.L.
- Medina, Eusebio (2006): *Contrabando en la frontera de Portugal*.<https://www.academia.edu/29341947/Contrabando_en_la_Frontera_de_Portugal> [20/06/2019]
- Medina, Eusebio (2009): “Orígenes, características y transformación del contrabando tradicional en la frontera de Extremadura com Portugal .” en Freire, Dulce / Rovisco, Eduarda / Fonseca, Inés (eds.), *Contrabando na fronteira luso-espanhola. Práticas, memórias e patrimônios*. Lisboa: Nelson Matos.
- Palmeiro Piñeiro, José Luis / Pazos Otón, Miguel (2008): “La Euroregión Galicia-norte de Portugal: una aproximación a la movilidad del contexto ibérico”. *Estudios Geográficos*, LXIX, 264. 215-245.
- Santos Raña, Irene / Suárez Quintas, Soraya (2014): “Percepción e actitudes lingüísticas na fronteira galego-portuguesa: unha aproximación á perspectiva orensá” en Sousa, Xulio / Negro Romero, Marta / Álvarez, Rosario (eds.), *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2014.
- Varela Zapata, Jesús / JoDee Anderson: *Lengua y sociedad: lingüística aplicada en la era global y multicultural*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- Voz Própria (2007): “Reintegracinismo na Galiza”, *Voz Própria* nº19, 15-32.

10. Anexos

Anexo I

Ligazón para escoitar as gravacións de voz recollidas entre decembro de 2018 e marzo de

2019: <https://drive.google.com/drive/folders/15UIWaoJILdXweoDhjDlhrS15W3KkS94Y?usp=sharing>

Anexo II

Táboas complementarias de información persoal recollidas xunto coas gravacións:

Nome e apelidos	Orlando Veixeira Rodríguez
Idade	78 anos
Aldea	Vilaverde da Raia
Concello	Chaves
Anos vivindo no territorio	Toda a vida
Nivel de estudos	Sabe ler e escribir (escolarizado ata os 7 anos)
Profesión	Labrego
Outras	Estivo casado cunha galega. Viviu 7 anos en Asturias

Nome e apelidos	Marisa Saarmiento de Dios
Idade	65 anos
Aldea	Feces de Abaixo
Concello	Verín
Anos vivindo no territorio	Toda a vida
Nivel de estudos	Básicos, primaria
Profesión	Comercio, contrabando
Outras	Nunca viviu no estranxeiro

Nome e apelidos	Fernando Gonçálves/Luísete Pires
Idade	77 anos/ 74 anos
Aldea	Xixirei
Concello	Chaves
Anos vivindo no territorio	14 anos
Nivel de estudos	Saben ler e escribir malamente
Profesión	Construción, contrabando
Outras	Emigrados durante anos en Bilbao.

Nome e apelidos	Fernanda Geraldés Calvao
Idade	64 anos
Aldea	Soutelinho da Raia
Concello	Chaves
Anos vivindo no territorio	Dende os 16 anos
Nivel de estudos	Básicos
Profesión	-
Outras	Emigrada durante anos en Francia

Nome e apelidos	Encarnación Diz
Idade	83 anos
Aldea	Vidiferre
Concello	Oímbra
Anos vivindo no territorio	Toda a vida
Nivel de estudos	Ler e escribir
Profesión	Labrega, contrabando
Outras	Emigrada en Alemaña durante 10 anos

Nome e apelidos	Antonio Lourenço Fontes (Coñecido como Padre Fontes)
Idade	79 anos
Aldea	Vilar de Perdizes
Concello	Montalegre
Anos vivindo no territorio	48 anos
Nivel de estudos	Estudou no seminario
Profesión	Sacerdote
Outras	Non viviu no estranxeiro nunca. Esta entrevista é moi longa, foi feita no bar do pobo e uníronse á conversa ao redor de 10 persoas.

Nome e apelidos	Bernardo Fernández Palomares/ José Luís Casado Casado
Idade	85 anos/77 anos
Aldea	A Xironda
Concello	Cualedro
Anos vivindo no territorio	Toda a vida
Nivel de estudos	Saben ler e escribir malamente
Profesión	Labregos
Outras	José Luís viviu 5 anos en Alemaña e 2 en Holanda

Nome e apelidos	Salvador Barreira González
Idade	78 anos
Aldea	Resoxende
Concello	Vilardevós
Anos vivindo no territorio	55 anos
Nivel de estudos	Básicos
Profesión	Labrador
Outras	Emigrado en Suíza durante 4 anos

Nome e apelidos	Domingo Nicolino Fernández
Idade	81 anos
Aldea	Moialde
Concello	Vilardevós
Anos vivindo no territorio	52 anos
Nivel de estudos	Sabe ler e escribir
Profesión	Campesiño
Outras	Viviu 5 anos no estranxeiro (Alemaña, País Vasco)

Anexo III: Cuestionario

Datos persoais

Nome e apelidos	
Idade	
Aldea	
Concello	
Anos vivindo no territorio	
Nivel de estudos	
Profesión	
Outras	

Bloque 1: relacións

1. Vostede ten algún amigo portugués/galego?
2. Era difícil cruzar a fronteira?
3. Qué relación había na zona cos portugueses/galegos?
4. Existía o contrabando?
5. Ía ou vai vostede as romarías do país veciño?
6. En que se diferencia a maneira de vivir de aquí coa maneira de vivir do outro lado da fronteira?
7. Hoxe en día vostede continúa a visitar o país veciño?
8. Cando veñen os portugueses/galegos aquí, a que veñen?
9. Que pensaría vostede se un fillo seu casara cun portugués/galego?

Bloque 2: a fala

1. Onde cre que se fala mellor o galego?
2. Onde se fala o galego máis bonito?
3. Cando fala cun portugués enténdeo? E el a ti?
4. Quen fala mellor?
5. A maneira de falar de aquí parece máis ao galego doutras zonas ou ao portugués?
6. Con quen nota máis diferenza cos portugueses/galegos ou con outras zonas de Galicia?
7. Que aldeas que hai ao redor da raia? E eses como falan? E si falas con eles notas diferenza?
8. Pensas que a forma de falar das aldeas raianas é diferente ao teu?
9. Pensas que a túa lingua esta influenciada pola lingua veciña?
10. En que cousas se parecen? E en cales se diferencian?
11. Como se sabe que alguén é portugués/galego cando fala?
12. Pensas que é agradable a lingua veciña?